# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**5826** *Orde PRE/907/2014, do 29 de maio, pola que se implanta un modelo de contabilidade analítica nas empresas contratistas que prestan os servizos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral.*

A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (en diante, LOTT), establece no seu artigo 19, número 7, na súa redacción dada pola Lei 9/2013, do 4 de xullo, que para efectos de contabilidade as empresas contratistas de servizos públicos de transporte de viaxeiros de titularidade da Administración deberán tratar cada un deles como unha actividade separada, xestionándoa como unha división contable independente e distinta de calquera outra que realicen, estea ou non relacionada co transporte de viaxeiros. O resultado da segregación realizada plasmarase anualmente nunha conta analítica de explotación verificada por un experto independente. Así mesmo, indícase que os ministros de Fomento e de Economía e Competitividade poderán establecer, mediante orde conxunta, as especificacións que, de ser o caso, consideren pertinentes para o exacto cumprimento do disposto anteriormente. No mesmo sentido se pronuncia o artigo 87.3 do Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres.

Por outro lado, a Orde FOM/1230/2013, do 31 de maio, pola que se establecen normas de control en relación cos transportes públicos de viaxeiros por estrada, exixe, no seu artigo 6, ás empresas contratistas da xestión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral, a presentación anual, ante a Dirección Xeral de Transporte Terrestre, dunha auditoría externa contable e dun informe de xestión referido á explotación do contrato de xestión de servizo público de que en cada caso se trate.

Na actualidade, criterios de eficacia e eficiencia fixeron que sexa necesaria unha racionalización da rede de servizos públicos de transporte de viaxeiros co obxectivo de contar cun sistema estable, seguro e de calidade contrastable. Nesta liña, a aprobación do Regulamento (CE) nº 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada, e a renovación dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral, vixentes desde o ano 2007, acentuaron esta necesidade.

Para iso cómpre dispor dun sistema adecuado de contabilidade que verdadeiramente permita coñecer o grao de eficiencia e eficacia na xestión das liñas regulares de viaxeiros de titularidade estatal.

A esta circunstancia hai que engadir que os informes, de auditoría e de xestión, ata o de agora exixidos ás empresas contratistas, son moi heteroxéneos e de alcance limitado, sen que exista uniformidade nos criterios de imputación de custos e ingresos, o que non permitiu que a Dirección Xeral de Transporte Terrestre poida comprobar a adecuada xestión do servizo de transporte.

Por tanto, cómpre establecer un modelo de contabilidade analítica que permita coñecer con exactitude a corrente de ingresos e gastos imputables a cada servizo, obxecto do correspondente contrato de xestión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral, así como normalizar os criterios de imputación de custos e o contido da conta de perdas e ganancias destes. Así mesmo e como complemento do anterior, resulta conveniente que as contas elaboradas de acordo con criterios analíticos sexan sometidas a unha verificación contable anual realizada por un experto independente, sen que nada impida que poida ser o propio auditor de contas da empresa quen a realice.

En calquera caso, aclárase que as novas obrigacións contidas nesta norma non interfiren nas xerais derivadas do Código de comercio e demais lexislación mercantil.

Durante a tramitación deuse audiencia ao Consello Nacional do Transporte Terrestre, ao Comité Nacional do Transporte por Estrada e aos órganos competentes en materia de transporte das distintas comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e do ministro de Economía e Competitividade e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer un modelo de contabilidade analítica, exixible ás empresas contratistas do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral de competencia estatal, así como regular as obrigacións de información contable que deben proporcionar á Administración.

Artigo 2. *Finalidade do establecemento dun modelo de contabilidade analítica.*

As empresas contratistas deberán levar unha contabilidade analítica que cumpra os seguintes fins:

a) Coñecer o custo real dos servizos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral.
b) Comprobar a adecuada xestión do servizo público prestado.

Artigo 3. *Obrigatoriedade de levar contabilidade analítica.*

1. As empresas contratistas levarán unha contabilidade analítica que permita a contabilización de cada servizo público, obxecto do correspondente contrato, como unha actividade separada, xestionándoa como unha división contable independente e distinta de calquera outra que realicen.

2. A contabilidade analítica que adopte a empresa contratista realizarase conforme o previsto no anexo I, que regula o Plan de contas analíticas, e o anexo II desta orde, que prevé os conceptos analíticos e as regras de imputación.

Artigo 4. *Principios aplicables á contabilidade analítica.*

1. A contabilidade analítica que adopte calquera empresa contratista imputará os ingresos e custos ás distintas actividades de acordo coas regras xerais de imputación recollidas no anexo II.

2. Os ingresos e gastos de cada un dos servizos públicos de transporte de viaxeiros de titularidade da Administración valoraranse e contabilizaranse de acordo co Plan xeral de contabilidade e co resto de lexislación mercantil aplicable.

Artigo 5. *Obrigación xeral de subministración de información económico-financeira.*

A Dirección Xeral de Transporte Terrestre poderá solicitar en calquera momento ás empresas contratistas información sobre a xestión económico-financeira do servizo público de transporte de viaxeiros por estrada que lle foi adxudicado, e estas estarán obrigadas á súa remisión coa maior brevidade posible.

A documentación será presentada en formato electrónico, de imposible manipulación ou telebaleirado de datos.

Artigo 6. *Obrigación de subministración de información contable.*

1. As empresas contratistas presentarán antes do 30 de xullo de cada ano, ante a Dirección Xeral de Transporte Terrestre, unha conta analítica de perdas e ganancias de cada un dos correspondentes contratos de xestión de servizo público, referida ao ano anterior. Así mesmo, deberán presentar esa mesma conta de perdas e ganancias de acordo co modelo establecido na normativa específica que aproba o Plan xeral de contabilidade e demais lexislación mercantil aplicable.

En ambos os casos, o nivel de desagregación da conta será de tres díxitos.

2. Xunto coas anteriores contas, as empresas contratistas deberán presentar a conta agregada de perdas e ganancias do resto de actividades que desenvolvan de acordo co establecido na normativa específica que aproba o Plan xeral de contabilidade e demais lexislación mercantil aplicable.

3. Así mesmo, as empresas contratistas, calquera que sexa a forma mercantil que adopten, tamén deberán presentar a correspondente conta de perdas e ganancias, elaborada de acordo coa lexislación mercantil e referida ao mesmo período de acordo co establecido na normativa específica que aproba o Plan xeral de contabilidade e demais lexislación mercantil aplicable.

Artigo 7. *Verificación contable da conta analítica de perdas e ganancias.*

As empresas contratistas deberán someter anualmente a conta analítica de perdas e ganancias a unha verificación contable realizada por un experto independente e remitir á Dirección Xeral de Transporte Terrestre o informe de verificación citado anteriormente antes do 30 de setembro de cada ano.

Artigo 8. *Responsabilidades.*

Independentemente das sancións que procedan, a falta de presentación da documentación contable exixida nos artigos 6 e 7 por parte das empresas contratistas de servizos públicos de transporte de viaxeiros de titularidade da Administración impedirá calquera revisión individualizada das tarifas, así como a aplicación das subidas tarifarias a que, de ser o caso, dea lugar a aplicación do disposto no artigo 19.5 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Disposición transitoria única. *Obrigacións de subministración de información contable e de verificación e revisión contable.*

As obrigacións previstas nos artigos 6 e 7 serán exixibles a partir do 31 de decembro do ano seguinte ao de aprobación desta orde, e ata este momento subsistirán as obrigacións de subministración de información recollidas no artigo 6 da Orde FOM/1230/2013, do 31 de maio, pola que se establecen normas de control en relación cos transportes públicos de viaxeiros por estrada.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derrogado o artigo 6 da Orde FOM/1230/2013, do 31 de maio, pola que se establecen normas de control en relación cos transportes públicos de viaxeiros por estrada, así como cantas outras disposicións de igual ou menor rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.21ª da Constitución lle atribúe ao Estado en materia de transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

A Dirección Xeral de Transporte Terrestre adoptará as medidas e regras de coordinación necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do disposto nesta orde, de conformidade co disposto no artigo 16.2 da Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, de delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación cos transportes por estrada e por cable.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano 2015.

Madrid, 29 de maio de 2014.–A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón

## ANEXO I

## Plan de contas analíticas

*1. Cadro de contas analíticas.*

O cadro de contas analíticas terá carácter de mínimo e poderá ser desenvolvido a nivel de cinco díxitos ou inferior para os custos, ou catro díxitos ou inferior para os ingresos, se os sistemas de información da empresa contratista do servizo público de transporte regular de viaxeiros de titularidade da Administración así o require.

*2. Correspondencia entre o cadro de contas analíticas e as contas do Plan xeral de contabilidade.*

Mediante a correspondencia entre as contas do cadro de contas analíticas e o cadro de contas do Plan xeral de contabilidade (en diante, PXC) pódese obter, de acordo co modelo recollido no PXC para a conta de perdas e ganancias, a correspondente conta analítica de perdas e ganancias de cada un dos contratos de xestión de servizo público.

**CADRO DE CONTAS ANALÍTICAS PARA EMPRESAS DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA**

| | | |
|---|---|---|
| **GRUPO ANALÍTICO A 6 - GASTOS IMPUTABLES** | | |
| **A60 CUSTOS QUILOMÉTRICOS** | | |
| **A600** | **Consumos das operacións de transporte** | |
| | ***A6000*** | *Combustible* |
| | ***A6001*** | *Lubrificante* |
| | ***A6002*** | *Pneumáticos* |
| | ***A6009*** | *Outras compras* |
| **A601** | **Reparación e conservación do material móbil** | |
| | ***A6010*** | *Mantemento - Mecánica e electricidade* |
| | ***A6011*** | *Mantemento - Chapa e pintura* |
| | ***A6012*** | *Mantemento - Equipamento interior* |
| | ***A6013*** | *Mantemento – Limpeza* |
| | ***A6019*** | *Outros servizos de mantemento externo* |
| **A602** | **Peaxes** | |
| **A603** | **Reforzos e traballos subcontratados** | |
| **A609** | **Outros custos quilométricos** | |
| **A61 CUSTOS TEMPORAIS** | | |
| **A610** | **Amortización do material móbil** | |
| | ***A6100*** | *Amortización e deterioración do vehículo* |
| | ***A6101*** | *Amortización e deterioración dos equipamentos* |
| **A611** | **Arrendamento de material móbil** | |
| | ***A6110*** | *Contratos de arrendamento financeiro* |
| | ***A6111*** | *Contratos de renting ou arrendamento operativo* |
| | ***A6112*** | *Arrendamentos para reforzos* |
| | ***A6119*** | *Outros arrendamentos de material móbil* |
| **A612** | **Financiamento do material móbil** | |
| | ***A6120*** | *Gastos financeiros de préstamos para frota* |
| | ***A6121*** | *Gastos financeiros de contratos de leasing* |
| **A613** | **Amortización do contrato de xestión de servizo público/fondo de comercio** | |
| **A614** | **Gastos do persoal de a bordo** | |
| | ***A6140*** | *Remuneracións do persoal de condución* |
| | ***A6141*** | *Seguridade social do persoal de condución* |
| | ***A6142*** | *Axudas de custo do persoal de condución* |
| | ***A6143*** | *Outros custos sociais do persoal de condución* |
| | ***A6144*** | *Remuneracións doutro persoal de a bordo* |
| | ***A6145*** | *Seguridade social doutro persoal de a bordo* |
| | ***A6146*** | *Axudas de custo doutro persoal de a bordo* |
| | ***A6147*** | *Outros custos sociais doutro persoal de a bordo* |

| | | |
|---|---|---|
| **A615** | **Primas de seguro** | |
| | ***A6150*** | *Seguro de autocar* |
| | ***A6151*** | *Seguro de viaxeiros* |
| | ***A6152*** | *Seguro de equipaxes* |
| | ***A6159*** | *Outras pólizas de seguro* |
| **A616** | **Impostos, taxas e exaccións** | |
| | ***A6160*** | *Visados* |
| | ***A6161*** | *Inspección técnica de vehículos* |
| | ***A6162*** | *Imposto de actividades económicas* |
| | ***A6163*** | *Imposto sobre vehículos de motor* |
| | ***A6164*** | *Inspección de tacógrafo* |
| | ***A6165*** | *Taxas de estacións* |
| | ***A6169*** | *Outras exaccións públicas imputables* |
| **A619** | **Outros servizos imputables ao material móbil** | |
| **A62 OUTROS CUSTOS DIRECTOS VARIABLES** | | |
| **A620** | **Aprovisionamentos para servizos a bordo** | |
| **A621** | **Comisións sobre vendas** | |
| **A622** | **Indemnizacións a usuarios** | |
| **A623** | **Servizos especiais a usuarios** | |
| **A63 OUTROS CUSTOS DIRECTOS FIXOS** | | |
| **A630** | **Custos de comercialización e vendas** | |
| | ***A6300*** | *Compras de material de comercialización* |
| | ***A6302*** | *Servizos exteriores imputables* |
| | ***A6304*** | *Persoal de comercialización e vendas (vendedores de billetes)* |
| | ***A6305*** | *Outros gastos de xestión comercial e de vendas* |
| | ***A6306*** | *Gastos financeiros imputables* |
| | ***A6308*** | *Amortización e deterioración do inmobilizado* |
| **A631** | **Custos de xestión de tráfico e escalas** | |
| | ***A6310*** | *Compras de materiais consumibles* |
| | ***A6312*** | *Servizos exteriores imputables* |
| | ***A6314*** | *Persoal de tráfico e escalas* |
| | ***A6316*** | *Gastos financeiros imputables* |
| | ***A6318*** | *Amortización e deterioración do inmobilizado* |
| **A632** | **Custos de mantemento da frota** | |
| | ***A6320*** | *Compras de recambios e doutros consumibles* |
| | ***A6322*** | *Servizos exteriores imputables* |
| | ***A6324*** | *Persoal de taller* |
| | ***A6326*** | *Gastos financeiros imputables* |
| | ***A6328*** | *Amortización e deterioración do inmobilizado* |
| **A633** | **Custos de compras e almacén** | |
| | ***A6330*** | *Compras de materiais consumibles* |
| | ***A6332*** | *Servizos exteriores imputables* |
| | ***A6334*** | *Persoal de compras e almacén* |

| | | |
|---|---|---|
| | ***A6336*** | *Gastos financeiros imputables* |
| | ***A6338*** | *Amortización e deterioración do inmobilizado* |
| **A69 GASTOS DE ESTRUTURA REPERCUTIBLES** | | |
| **A690** | Compras de materiais diversos | |
| **A692** | Servizos exteriores xerais | |
| **A693** | Tributos | |
| **A694** | Persoal non asignado | |
| **A695** | Outros gastos de xestión corrente non asignados | |
| **A696** | Gastos financeiros non asignados | |
| **A697** | Perdas non correntes e gastos excepcionais | |
| **A698** | Amortización e deterioración do inmobilizado non asignado | |
| **GRUPO ANALÍTICO A7 - INGRESOS IMPUTABLES** | | |
| **A70 RECADACIÓN POR SERVIZOS DE TRANSPORTE** | | |
| **A700** | Ingresos brutos por títulos de transporte propios | |
| **A701** | Ingresos procedentes de sistemas concertados | |
| **A702** | Ingresos por servizos de uso especial | |
| **A703** | Ingresos por servizos discrecionais | |
| **A704** | Ingresos por servizos de reforzos para outras empresas | |
| **A705** | Descontos e promocións | |
| **A71 OUTROS INGRESOS DIRECTOS RELACIONADOS CO TRANSPORTE** | | |
| **A710** | Servizos complementarios | |
| | ***A7100*** | *Seguros complementarios* |
| | ***A7101*** | *Comisións por venda en liña e por reservas* |
| | ***A7102*** | *Transporte de equipaxes e paquetaría* |
| | ***A7109*** | *Outros servizos complementarios* |
| **A711** | Vendas e servizos a bordo | |
| **A712** | Subvencións de explotación | |
| **A713** | Subvencións de capital transferidas a resultados | |
| **A714** | Comisións e ingresos de sistemas de venda | |
| | ***A7140*** | *Comisións sobre emisión de billetes de terceiros* |
| | ***A7141*** | *Comisións por acordos en puntos de escala* |
| **A719** | Outros ingresos de xestión da liña ou servizo | |
| **A79 INGRESOS INDIRECTOS REPERCUTIBLES** | | |
| **A790** | Vendas de produtos e servizos | |
| **A793** | Traballos realizados para a empresa | |
| **A794** | Subvencións, doazóns e legados | |
| **A795** | Outros ingresos de xestión | |
| **A796** | Ingresos financeiros | |
| **A797** | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais | |
| **A798** | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración | |

**CORRESPONDENCIA ENTRE AS CONTAS DO PXC E AS CONTAS ANALÍTICAS**

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| 600 | Compras de mercadorías | A620 | Aprovisionamentos para servizos a bordo |
| | | A690 | Compras de materiais diversos de estrutura |
| 601 | Compras de materias primas | N/A | N/A |
| 602 | Compras doutros aprovisionamentos | A6000 | Combustible |
| | | A6001 | Lubrificante |
| | | A6002 | Pneumáticos |
| | | A6009 | Outras compras |
| | | A620 | Aprovisionamentos para servizos a bordo |
| | | A6300 | Compras de material de comercialización |
| | | A6310 | Compras de materiais consumibles de xestión de tráfico e escalas |
| | | A6320 | Compras de recambios e doutros consumibles de mantemento de frota |
| | | A6330 | Compras de materiais consumibles de almacén |
| | | A690 | Compras de materiais diversos de estrutura |
| 606 | Descontos sobre compras por pronto pagamento | A6000 | Combustible |
| | | A6001 | Lubrificante |
| | | A6002 | Pneumáticos |
| | | A6009 | Outras compras |
| | | A620 | Aprovisionamentos para servizos a bordo |
| | | A6300 | Compras de material de comercialización |
| | | A6310 | Compras de materiais consumibles de xestión de tráfico e escalas |
| | | A6320 | Compras de recambios e doutros consumibles de mantemento de frota |
| | | A6330 | Compras de materiais consumibles de almacén |
| | | A690 | Compras de materiais diversos de estrutura |
| 607 | Traballos realizados por outras empresas | A603 | Reforzos e traballos subcontratados |
| 608 | Devolucións de compras | A6000 | Combustible |
| | | A6001 | Lubrificante |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| | | A6002 | Pneumáticos |
| | | A6009 | Outras compras |
| | | A620 | Aprovisionamentos para servizos a bordo |
| | | A6300 | Compras de material de comercialización |
| | | A6310 | Compras de materiais consumibles de xestión de tráfico e escalas |
| | | A6320 | Compras de recambios e doutros consumibles de mantemento de frota |
| | | A6330 | Compras de materiais consumibles de almacén |
| | | A690 | Compras de materiais diversos de estrutura |
| 609 | *Rappels* sobre compras | A6000 | Combustible |
| | | A6001 | Lubrificante |
| | | A6002 | Pneumáticos |
| | | A6009 | Outras compras |
| | | A620 | Aprovisionamentos para servizos a bordo |
| | | A6300 | Compras de material de comercialización |
| | | A6310 | Compras de materiais consumibles de xestión de tráfico e escalas |
| | | A6320 | Compras de recambios e doutros consumibles de mantemento de frota |
| | | A6330 | Compras de materiais consumibles de almacén |
| | | A690 | Compras de materiais diversos de estrutura |
| 610 | Variación existencias de mercadorías | A620 | Aprovisionamentos para servizos a bordo |
| | | A690 | Compras de materiais diversos de estrutura |
| 611 | Variación existencias de materias primas | N/A | N/A |
| 612 | Variación existencias doutros aprovisionamentos | A6000 | Combustible |
| | | A6001 | Lubrificante |
| | | A6002 | Pneumáticos |
| | | A6009 | Outras compras |
| | | A620 | Aprovisionamentos para servizos a bordo |
| | | A6300 | Compras de material de comercialización |
| | | A6310 | Compras de materiais consumibles de xestión de tráfico e escalas |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| | | A6320 | Compras de recambios e doutros consumibles de mantemento de frota |
| | | A6330 | Compras de materiais consumibles de almacén |
| | | A690 | Compras de materiais diversos de estrutura |
| 620 | Gastos de investigación e desenvolvemento | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 621 | Arrendamentos e canons | A6110 | Contratos de arrendamento financeiro |
| | | A6111 | Contratos de *renting* ou arrendamento operativo |
| | | A6112 | Arrendamentos para reforzos |
| | | A6119 | Outros arrendamentos de material móbil |
| | | A6165 | Taxas de estacións |
| | | A6169 | Outras exaccións públicas imputables |
| | | A6302 | Servizos exteriores imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A6312 | Servizos exteriores imputables a xestión de tráfico e escalas |
| | | A6322 | Servizos exteriores imputables a mantemento de frota |
| | | A6332 | Servizos exteriores imputables a compras e almacén |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 622 | Reparacións e conservación | A6010 | Mantemento - Mecánica e electricidade |
| | | A6011 | Mantemento - Chapa e pintura |
| | | A6012 | Mantemento - Equipamento interior |
| | | A6013 | Mantemento - Limpeza |
| | | A6019 | Outros servizos de mantemento externo |
| | | A6161 | Inspección técnica de vehículos |
| | | A6164 | Inspección de tacógrafo |
| | | A6302 | Servizos exteriores imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A6312 | Servizos exteriores imputables a xestión de tráfico e escalas |
| | | A6322 | Servizos exteriores imputables a mantemento de frota |
| | | A6332 | Servizos exteriores imputables a compras e almacén |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 623 | Servizos de profesionais independentes | A613 | Amortización do contrato de xestión / fondo de comercio |
| | | A6160 | Visados |
| | | A6169 | Outras exaccións públicas imputables |
| | | A621 | Comisións sobre vendas |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| | | A6302 | Servizos exteriores imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A6312 | Servizos exteriores imputables a xestión de tráfico e escalas |
| | | A6322 | Servizos exteriores imputables a mantemento de frota |
| | | A6332 | Servizos exteriores imputables a compras e almacén |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 624 | Transportes | A603 | Reforzos e traballos subcontratados |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 625 | Primas de seguro | A6150 | Seguro de autocar |
| | | A6151 | Seguro de viaxeiros |
| | | A6152 | Seguro de equipaxes |
| | | A6159 | Outras pólizas de seguro |
| | | A6302 | Servizos exteriores imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A6312 | Servizos exteriores imputables a xestión de tráfico e escalas |
| | | A6322 | Servizos exteriores imputables a mantemento de frota |
| | | A6332 | Servizos exteriores imputables a compras e almacén |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 626 | Servizos bancarios e similares | A6302 | Servizos exteriores imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 627 | Publicidade, propaganda e RRPP | A6302 | Servizos exteriores imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 628 | Subministracións | A6302 | Servizos exteriores imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A6312 | Servizos exteriores imputables a xestión de tráfico e escalas |
| | | A6322 | Servizos exteriores imputables a mantemento de frota |
| | | A6332 | Servizos exteriores imputables a compras e almacén |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| 629 | Outros servizos | A602 | Peaxes |
| | | A609 | Outros custos quilométricos |
| | | A6142 | Axudas de custo do persoal de condución |
| | | A6146 | Axudas de custo doutro persoal de a bordo |
| | | A619 | Outros servizos imputables ao material móbil |
| | | A621 | Comisións sobre vendas |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| | | A622 | Indemnizacións a usuarios |
| | | A623 | Servizos especiais a usuarios |
| | | A6302 | Servizos exteriores imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A6304 | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) |
| | | A6312 | Servizos exteriores imputables a xestión de tráfico e escalas |
| | | A6314 | Persoal de tráfico e escalas |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6332 | Servizos exteriores imputables a compras e almacén |
| | | A6334 | Persoal de compras e almacén |
| | | A692 | Servizos exteriores xerais |
| | | A694 | Persoal non asignado |
| 630 | Imposto sobre beneficios | N/A | N/A |
| 631 | Outros tributos | A6160 | Visados |
| | | A6162 | Imposto de actividades económicas |
| | | A6163 | Imposto sobre vehículos de motor |
| | | A6164 | Inspección de tacógrafo |
| | | A6165 | Taxas de estacións |
| | | A6169 | Outras exaccións públicas imputables |
| | | A693 | Tributos xerais |
| 633 | Axustes negativos na imposición sobre beneficios | N/A | N/A |
| 634 | Axustes negativos na imposición indirecta | A6169 | Outras exaccións públicas imputables |
| | | A693 | Tributos xerais |
| 636 | Devolución de impostos | N/A | N/A |
| 638 | Axustes positivos na imposición sobre beneficios | N/A | N/A |
| 639 | Axustes positivos na imposición indirecta | A6169 | Outras exaccións públicas imputables |
| | | A693 | Tributos xerais |
| 640 | Soldos e salarios | A6140 | Remuneracións do persoal de condución |
| | | A6144 | Remuneracións doutro persoal de a bordo |
| | | A6304 | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) |
| | | A6314 | Persoal de tráfico e escalas |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6334 | Persoal de compras e almacén |
| | | A694 | Persoal non asignado |
| 641 | Indemnizacións | A6140 | Remuneracións do persoal de condución |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| | | A6144 | Remuneracións doutro persoal de a bordo |
| | | A6304 | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) |
| | | A6314 | Persoal de tráfico e escalas |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6334 | Persoal de compras e almacén |
| | | A694 | Persoal non asignado |
| 642 | Seguridade social a cargo da empresa | A6141 | Seguridade social do persoal de condución |
| | | A6145 | Seguridade social doutro persoal de a bordo |
| | | A6304 | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) |
| | | A6314 | Persoal de tráfico e escalas |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6334 | Persoal de compras e almacén |
| | | A694 | Persoal non asignado |
| 643 | Retribucións sistemas achega definida | A6140 | Remuneracións do persoal de condución |
| | | A6144 | Remuneracións doutro persoal de a bordo |
| | | A6304 | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) |
| | | A6314 | Persoal de tráfico e escalas |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6334 | Persoal de compras e almacén |
| | | A694 | Persoal non asignado |
| 644 | Retribucións sistemas prestación definida | A6140 | Remuneracións do persoal de condución |
| | | A6144 | Remuneracións doutro persoal de a bordo |
| | | A6304 | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) |
| | | A6314 | Persoal de tráfico e escalas |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6334 | Persoal de compras e almacén |
| | | A694 | Persoal non asignado |
| 645 | Retribucións instrumentos de patrimonio | A6140 | Remuneracións do persoal de condución |
| | | A6144 | Remuneracións doutro persoal de a bordo |
| | | A6304 | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) |
| | | A6314 | Persoal de tráfico e escalas |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6334 | Persoal de compras e almacén |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| | | A694 | Persoal non asignado |
| 649 | Outros gastos sociais | A6143 | Outros custos sociais do persoal de condución |
| | | A6147 | Outros custos sociais doutro persoal de a bordo |
| | | A6304 | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) |
| | | A6314 | Persoal de tráfico e escalas |
| | | A6324 | Persoal de taller |
| | | A6334 | Persoal de compras e almacén |
| | | A694 | Persoal non asignado |
| 650 | Perdas de créditos incobrables | A6305 | Outros gastos de xestión comercial e de vendas |
| 651 | Resultados de operacións en común | A6305 | Outros gastos de xestión comercial e de vendas |
| 659 | Outras perdas en xestión corrente | A621 | Comisións sobre vendas |
| | | A622 | Indemnizacións a usuarios |
| | | A623 | Servizos especiais a usuarios |
| | | A6305 | Outros gastos de xestión comercial e de vendas |
| | | A695 | Outros gastos de xestión corrente non asignados |
| 660 | Gastos fin. por actualización de provisións | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 661 | Xuros de obrigacións e bonos | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 662 | Xuros de débedas | A6120 | Gastos financeiros de préstamos para frota |
| | | A6121 | Gastos financeiros de contratos de *leasing* |
| | | A6306 | Gastos financeiros imputables a xestión comercial e vendas |
| | | A6316 | Gastos financeiros imputables a xestión de tráfico e escalas |
| | | A6326 | Gastos financeiros imputables a mantemento de frota |
| | | A6336 | Gastos financeiros imputables a compras e almacén |
| | | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 663 | Perdas por valoración de instrumentos fin. | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 664 | Dividendos de pasivos financeiros | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 665 | Xuros desconto de efectos e *factoring* | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 666 | Perdas partic. e valores represent. débedas | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 667 | Perdas de créditos non comerciais | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 668 | Diferenzas negativas de cambio | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 669 | Outros gastos financeiros | A696 | Gastos financeiros non asignados |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| 670 | Perdas procedentes do inm. intanxible | A697 | Perdas non correntes e gastos excepcionais |
| 671 | Perdas procedentes do inm. material | A697 | Perdas non correntes e gastos excepcionais |
| 672 | Perdas procedentes de inv. inmobiliarios | A697 | Perdas non correntes e gastos excepcionais |
| 673 | Perdas proc. de participac. en vinculadas | A697 | Perdas non correntes e gastos excepcionais |
| 675 | Perdas por oper. con obrigacións propias | A697 | Perdas non correntes e gastos excepcionais |
| 678 | Gastos excepcionais | A697 | Perdas non correntes e gastos excepcionais |
| 680 | Amortización do inmobilizado intanxible | A613 | Amortización do contrato de xestión de servizo público / fondo de comercio |
| | | A6308 | Amortización e deterioración do inmobilizado de comercial e vendas |
| | | A6318 | Amortización e deterioración do inmobilizado de tráfico e escalas |
| | | A6328 | Amortización e deterioración do inmobilizado de mantemento de frota |
| | | A6338 | Amortización e deterioración do inmobilizado de almacén |
| | | A698 | Amortización e deterioración do inmobilizado non asignado |
| 681 | Amortización do inmobilizado material | A6100 | Amortización e deterioración do vehículo |
| | | A6101 | Amortización e deterioración dos equipamentos |
| | | A6308 | Amortización e deterioración do inmobilizado de comercial e vendas |
| | | A6318 | Amortización e deterioración do inmobilizado de tráfico e escalas |
| | | A6328 | Amortización e deterioración do inmobilizado de mantemento de frota |
| | | A6338 | Amortización e deterioración do inmobilizado de almacén |
| | | A698 | Amortización e deterioración do inmobilizado non asignado |
| 682 | Amortización de investimentos inmobiliarios | A6308 | Amortización e deterioración do inmobilizado de comercial e vendas |
| | | A6318 | Amortización e deterioración do inmobilizado de tráfico e escalas |
| | | A6328 | Amortización e deterioración do inmobilizado de mantemento de frota |
| | | A6338 | Amortización e deterioración do inmobilizado de almacén |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| | | A698 | Amortización e deterioración do inmobilizado non asignado |
| 690 | Perdas por deterioración do inmob. intanxible | A613 | Amortización do contrato de xestión / fondo de comercio |
| | | A6308 | Amortización e deterioración do inmobilizado de comercial e vendas |
| | | A6318 | Amortización e deterioración do inmobilizado de tráfico e escalas |
| | | A6328 | Amortización e deterioración do inmobilizado de mantemento de frota |
| | | A6338 | Amortización e deterioración do inmobilizado de almacén |
| | | A698 | Amortización e deterioración do inmobilizado non asignado |
| 691 | Perdas por deterioración do inmobil. material | A6100 | Amortización e deterioración do vehículo |
| | | A6101 | Amortización e deterioración dos equipamentos |
| | | A6308 | Amortización e deterioración do inmobilizado de comercial e vendas |
| | | A6318 | Amortización e deterioración do inmobilizado de tráfico e escalas |
| | | A6328 | Amortización e deterioración do inmobilizado de mantemento de frota |
| | | A6338 | Amortización e deterioración do inmobilizado de almacén |
| | | A698 | Amortización e deterioración do inmobilizado non asignado |
| 692 | Perdas por deterioración de inv. mobiliarios | A6308 | Amortización e deterioración do inmobilizado de comercial e vendas |
| | | A6318 | Amortización e deterioración do inmobilizado de tráfico e escalas |
| | | A6328 | Amortización e deterioración do inmobilizado de mantemento de frota |
| | | A6338 | Amortización e deterioración do inmobilizado de almacén |
| | | A698 | Amortización e deterioración do inmobilizado non asignado |
| 693 | Perdas por deterioración de existencias | A6000 | Combustible |
| | | A6001 | Lubrificante |
| | | A6002 | Pneumáticos |
| | | A6009 | Outras compras |
| | | A620 | Aprovisionamentos para servizos a bordo |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| | | A6300 | Compras de material de comercialización |
| | | A6310 | Compras de materiais consumibles de xestión de tráfico e escalas |
| | | A6320 | Compras de recambios e doutros consumibles de mantemento de frota |
| | | A6330 | Compras de materiais consumibles de almacén |
| | | A690 | Compras de materiais diversos de estruturas |
| 694 | Perdas por deterioración de oper. comerciais | A6305 | Outros gastos de xestión comercial e de vendas |
| 695 | Dotación á provisión por oper. comerciais | A6305 | Outros gastos de xestión comercial e de vendas |
| 696 | Perd. deterioración de participacións a longo prazo | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 697 | Perd. por deterioración de créditos a longo prazo | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 698 | Perd. deterioración de participacións a longo prazo | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 699 | Perd. por deterioración de créditos a curto prazo | A696 | Gastos financeiros non asignados |
| 700 | Vendas de mercadorías | A711 | Vendas e servizos a bordo |
| | | A790 | Vendas de produtos e servizos |
| 701 | Vendas de produtos terminados | N/A | N/A |
| 702 | Vendas de produtos semiterminados | N/A | N/A |
| 703 | Vendas de subprodutos e residuos | N/A | N/A |
| 704 | Vendas de envases e embalaxes | N/A | N/A |
| 705 | Prestacións de servizos | A700 | Ingresos brutos por títulos de transporte propios |
| | | A701 | Ingresos procedentes de sistemas concertados |
| | | A702 | Ingresos por servizos de uso especial |
| | | A703 | Ingresos por servizos discrecionais |
| | | A704 | Ingresos por servizos de reforzos para outras empresas |
| | | A7100 | Seguros complementarios |
| | | A7101 | Comisións por venda en liña e por reservas |
| | | A7102 | Transporte de equipaxes e paquetaría |
| | | A7109 | Outros servizos complementarios |
| | | A711 | Vendas e servizos a bordo |
| | | A790 | Vendas de produtos e servizos |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| 706 | Descontos sobre vendas por pronto pagamento | A705 | Descontos e promocións |
| | | A790 | Vendas de produtos e servizos |
| 708 | Devolucións de vendas e oper. similares | A790 | Vendas de produtos e servizos |
| 709 | *Rappels* sobre vendas | A705 | Descontos e promocións |
| | | A790 | Vendas de produtos e servizos |
| 710 | Variación de existencias de produtos en curso | N/A | N/A |
| 711 | Variación de existencias de produtos semiterminados | N/A | N/A |
| 712 | Variación de existencias de produtos terminados | N/A | N/A |
| 713 | Variación de existencias de subprodutos, residuos, etc. | N/A | N/A |
| 730 | Traballos realizados para o inm. intanxible | A793 | Traballos realizados para a empresa |
| 731 | Traballos realizados para o inm. material | A793 | Traballos realizados para a empresa |
| 732 | Traballos realizados investimentos inmobiliarios | A793 | Traballos realizados para a empresa |
| 733 | Traballos realizados para o inm. mat. en curso | A793 | Traballos realizados para a empresa |
| 740 | Subvencións, doazóns e leg. á explotación | A712 | Subvencións de explotación |
| | | A794 | Subvencións, doazóns e legados |
| 746 | Subvencións, doazóns e leg. de capital transferidos ao resultado do exercicio | A713 | Subvencións de capital transferidas a resultados |
| | | A794 | Subvencións, doazóns e legados |
| 747 | Outras subv., doazóns e leg. transferidos ao res. | A794 | Subvencións, doazóns e legados |
| 751 | Resultados de operacións en común | A719 | Outros ingresos de xestión da liña ou servizo |
| | | A795 | Outros ingresos de xestión xerais |
| 752 | Ingresos por arrendamentos | A719 | Outros ingresos de xestión da liña ou servizo |
| | | A795 | Outros ingresos de xestión xerais |
| 753 | Ingresos por cesión de propiedade industrial | A795 | Outros ingresos de xestión xerais |
| 754 | Ingresos por comisións | A7140 | Comisións sobre emisión de billetes de terceiros |
| | | A7141 | Comisións por acordos en puntos de escala |
| | | A795 | Outros ingresos de xestión xerais |
| 755 | Ingresos por servizos ao persoal | A795 | Outros ingresos de xestión xerais |
| 759 | Ingresos por servizos diversos | A795 | Outros ingresos de xestión xerais |

| Contas do PXC | | Contas analíticas asociadas | |
|---|---|---|---|
| 760 | Ingresos de particip. instrum. de patrimonio | A796 | Ingresos financeiros |
| 761 | Ingresos de valores representativos de débeda | A796 | Ingresos financeiros |
| 762 | Ingresos de créditos | A796 | Ingresos financeiros |
| 763 | Beneficios valoración instrumentos financ. | A796 | Ingresos financeiros |
| 766 | Beneficios en participacións e valores | A796 | Ingresos financeiros |
| 767 | Ingresos de activos afectos a retrib. a longo p. | A796 | Ingresos financeiros |
| 768 | Diferenzas positivas de cambio | A796 | Ingresos financeiros |
| 769 | Outros ingresos financeiros | A796 | Ingresos financeiros |
| 770 | Beneficios procedentes do inm. intanxible | A797 | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais |
| 771 | Beneficios procedentes do inm. material | A797 | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais |
| 772 | Beneficios procedentes de inv. inmobiliarios | A797 | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais |
| 773 | Beneficios proc. de participac. en vinculadas | A797 | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais |
| 774 | Difer. negativa combinacións de negocios | A797 | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais |
| 775 | Beneficios por oper. con obrigacións propias | A797 | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais |
| 778 | Ingresos excepcionais | A797 | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais |
| 790 | Rev. deterioración do inmobilizado intanxible | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 791 | Rev. deterioración do inmobilizado material | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 792 | Rev. deterioración de investimentos inmobiliarios | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 793 | Rev. deterioración de existencias | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 794 | Rev. deterioración de créditos por operacións comerciais | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 795 | Exceso de provisións | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 796 | Rev. deterioración de partic. e valores longo prazo | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 797 | Rev. deterioración de créditos a longo prazo | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 798 | Rev. deterioración de partic. e valores curto prazo | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |
| 799 | Rev. deterioración de créditos a curto prazo | A798 | Excesos e aplicacións de provisións por deterioración |

## ANEXO II

### Conceptos analíticos e regras de imputación

1. Descomposición de actividades.

As empresas contratistas de servizos públicos de transporte de viaxeiros de titularidade da Administración poden desenvolver distintas actividades ou liñas de negocio. Estas actividades clasificaranse en:

1.1) Transporte de viaxeiros por estrada
1.2) Outros servizos de transporte
1.3) Actividades vinculadas, como a xestión de estacións, servizo de mantemento, axencias de viaxes ou outras actividades vinculadas
1.4) Outras liñas de negocio

No transporte de viaxeiros por estrada diferenciaranse entre si os distintos contratos de xestión de servizo público dos cales resulte adxudicataria a empresa, así como o resto de actividades de transporte de viaxeiros realizadas, xa sexa transporte de viaxeiros discrecional, de uso especial, entre outros.

O contrato de xestión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral será a unidade analítica de imputación.

2. Centros de custo.

Os centros de custo clasificaranse en:

2.1) Centros de custo de apoio, compostos por:

2.1.1 Comercialización e vendas de servizos de transporte e vinculados
2.1.2 Xestión de tráficos e escalas
2.1.3 Mantemento da frota
2.1.4 Compras e outros centros de custo

2.2) Centro de custo de administración e estrutura

3. Procesos de asignación.

Realizarase nas seguintes fases:

Fase 1. Determinación de ingresos e custos.

a. Determinación dos ingresos do grupo 7 do PXC, extraídos da conta de perdas e ganancias da contabilidade financeira.

Todos os ingresos se imputarán ás distintas actividades onde se xeren, segundo o indicador, a unidade e o fluxo de imputación reflectido nas regras de imputación.

b. Determinación dos gastos do grupo 6 do PXC extraídos da conta de perdas e ganancias da contabilidade financeira.

Todos os gastos se asignarán aos distintos centros de custo onde se soportan, segundo o indicador, a unidade e o fluxo de imputación reflectido nas regras de imputación.

Fase 2. Conversión de partidas contables en analíticas.

Fase 3. Asignación inicial de custos directos a centros de custo e ingresos directos ás actividades.

Fase 4. Axustes de custos directos nas actividades.

Os custos de asignación directa que sexan xerados pola utilización de recursos compartidos nas distintas actividades repartiranse entre estas en función dos quilómetros percorridos polos vehículos e das horas de traballo dos condutores.

O axuste de custos farase tanto a nivel analítico como de contabilidade xeral.

Fase 5. Repartición dos centros de custo de apoio nos distintos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral.

Fase 6. Repartición dos centros de custo de estrutura nos distintos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral.

## LISTAXE DE CONCEPTOS ANALÍTICOS E REGRAS DE IMPUTACIÓN

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A600 CUSTOS QUILOMÉTRICOS - CONSUMOS DAS OPERACIÓNS DE TRANSPORTE** | | | | | | | | |
| **A6000** | Combustible | Gastos relativos ao consumo de carburantes ou outras fontes enerxéticas para a tracción dos autocares tales como gasóleo, biodiésel, gas, enerxía eléctrica, etc., así como os aditivos ou substancias incorporadas para mellorar o rendemento. | 602<br>606<br>608<br>609<br>612<br>693 | Compras doutros aprovisionamentos<br>Descontos sobre compras por pronto pagamento<br>Devolucións de compras<br>*Rappels* sobre compras<br>Variación existencias doutros aprovisionamentos<br>Perdas por deterioración de existencias | Autocar | Autocar<br>↓<br>Liña/ servizo | Quilómetros | 1. Os consumos asignaranse individualmente aos autocares que dean lugar a estes e imputaranse ás liñas ou servizos a que estean asignados de forma habitual dentro da operativa da empresa. Deduciranse do importe do consumo todos os descontos, devolucións e *rappels* que se aplicasen ás compras do período.<br><br>2. Tratándose de contratos de xestión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral, os consumos asignaranse aos autocares que oficialmente se encontren adscritos a elas.<br><br>3. Cando os autocares sexan utilizados para realizar operacións noutras liñas ou servizos diferentes aos da súa adscrición oficial ou habitual, deberase deducir o importe do custo que proporcionalmente corresponda en función do número de quilómetros percorridos, e asignarase á liña ou servizo onde fosen efectivamente utilizados, segundo quede reflectido nos libros de ruta do vehículo [(1)].<br><br>4. Os consumos atribuíbles a percorridos en baleiro dos autocares asignaranse á liña ou servizo que orixinase a necesidade de posicionar o vehículo en lugar distinto ao do inicio ou termo da expedición en cuestión. Tratándose de servizos de carácter regular, unicamente se admitirán como consumos atribuíbles a percorridos en baleiro os seguintes: |
| **A6001** | Lubrificante | Consumo de aceites e outras substancias destinadas ao engraxamento das pezas do motor, así como os filtros e elementos relacionados. | | | | | | |
| **A6002** | Pneumáticos | Gastos correspondentes á substitución de cubertas e cámaras das rodas do autocar polo seu desgaste habitual ou excepcional. | | | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6009** | Outras compras | Gastos derivados do consumo doutros materiais diferentes aos anteriores (A6000, A6001 e A6002) e cuxo consumo estea directamente relacionado co desgaste do vehículo como consecuencia da súa normal circulación, sempre e cando non se inclúan nas contas analíticas do grupo A601 (Reparación e conservación) ou do grupo A632 (Custos de mantemento da frota). | | | | | | - O posicionamento entre as cocheiras ou lugares de estacionamento e os puntos de inicio e termo das rutas.<br>- Percorridos realizados para inspeccións técnicas e traballos de mantemento.<br>- Traxectos para a restitución ou reposicionamento de vehículos en casos excepcionais [(2)].<br>Os consumos por percorridos en baleiro que, de ser o caso, non sexa posible asignar a ningunha liña ou servizo en particular, recolleranse na conta analítica "A690 Consumo de materiais diversos" do capítulo de gastos de estrutura.<br><br>5. Naqueles casos en que non resulte posible para a empresa asignar de forma individual para cada autocar o custo dos seus consumos, este asignarase en función dos quilómetros totais percorridos e en función do consumo teórico de cada autocar de acordo coas especificacións técnicas dos fabricantes, considerando o chasis e a carrozaría.<br>A diferenza resultante entre o consumo teórico total e o consumo real total distribuirase de forma proporcional ao número de quilómetros percorrido por cada autocar [(1)].<br>Para os percorridos realizados en baleiro serán de aplicación neste caso os mesmos criterios citados na regra nº 4. |
| **A601 CUSTOS QUILOMÉTRICOS - REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DO MATERIAL MÓBIL** | | | | | | | | |
| **A6010** | Mantemento - Mecánica e electricidade | Servizos prestados por terceiros na reparación e nas operacións de mantemento relativas á mecánica xeral do vehículo-chasis e o seu sistema eléctrico, xa se trate de operacións puntuais ou de servizos ordinarios ou programados. | 622 | Reparacións e conservación | Autocar | Autocar<br>↓<br>Liña/ servizo | Quilómetros<br>Días en servizo<br>Nº de prazas | 6. Os gastos de reparación e conservación asignaranse individualmente aos autocares nos cales se practiquen as operacións en cuestión e imputaranse a aquelas liñas ou servizos a que estean adscritos con carácter oficial (contratos de xestión de servizo público) ou habitual.<br>7. Seguindo o mesmo criterio que para os consumos correntes, cando os autocares sexan utilizados para realizar operacións noutras liñas ou servizos diferentes aos da súa adscrición, deberase imputar a cada liña ou servizo o custo que proporcionalmente corresponda en función do número de quilómetros percorridos, |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6011** | Mantemento - Chapa e pintura | Servizos de terceiros prestados con carácter puntual ou habitual para a debida conservación da carrozaría exterior do vehículo, tales como pintura, distintivos, etc. | | | | | | segundo quede reflectido nos libros de ruta dos vehículos.<br>8. A asignación de gastos de reparación e conservación realizarase preferentemente de forma individualizada para cada autocar e non de forma proporcional aos quilómetros percorridos ou aos tempos de condución rexistrados ou calquera outro indicador operativo. Para tales efectos, as facturas dos provedores deste tipo de servizos deberían identificar expresamente as matrículas dos vehículos sobre os cales se realizan as operacións. Isto último non será aplicable aos servizos de limpeza exterior e interior (conta analítica A6013) que, en caso de non poder ser identificados de forma individual, se poderán imputar a cada autocar de forma proporcional ao número de prazas e en función dos días efectivos que permanezan en servizo. Porén, cando non sexa posible facer a asignación individualizada por autocar, aplicaranse os mesmos criterios que se recollen na regra nº 50 para o mantemento en propio. |
| **A6012** | Mantemento - Equipamento interior | Servizos de conservación, reparación e substitución de elementos do equipamento interior do vehículo prestados por terceiros. | | | | | | |
| **A6013** | Mantemento - Limpeza | Servizos de limpeza exterior e interior do vehículo, tales como túneles de lavado, enceramentos, empresas de limpeza e desinfección, etc., prestados por terceiros. | | | | | | |
| **A6019** | Outros servizos de mantemento externo | Calquera outro servizo de reparación ou conservación dos vehículos prestado por outras empresas e que, estando asociados de forma directa ao desgaste normal do vehículo como consecuencia da súa circulación, non se poida clasificar en ningunha das contas anteriores A6010, A6011 e A6012. | | | | | | |
| **A60X CUSTOS QUILOMÉTRICOS - OUTROS** | | | | | | | | |
| **A602** | Peaxes | Importes satisfeitos polos dereitos de | 629 | Outros servizos | Autocar | Autocar ↓ | Quilómetros (en | 9. Os importes devindicados por peaxes serán imputados de forma específica ás liñas ou servizos |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | tránsito na utilización de autoestradas e outras infraestruturas. | | | | Liña/ servizo | vías de peaxe) | que discorran polas autoestradas ou infraestruturas en cuestión en función dos percorridos efectivamente realizados. Estes importes veranse reducidos polos descontos e bonificacións de calquera tipo que as empresas concesionarias poidan aplicar por volumes de operación ou por circunstancias especiais. |
| **A603** | Reforzos e traballos subcontratados | Servizos puntuais de transporte en autocar con condutor contratados a outras empresas co fin de cubrir períodos de incremento da demanda ou situacións de carácter excepcional que non poidan ser atendidos con medios propios. | 607 | Traballos realizados por outras empresas | Liña/ servizo | Liña/ servizo | Quilómetros | 10. Os servizos prestados por outras empresas en concepto de reforzos serán imputados directamente ás liñas e servizos onde se realizasen. |
| | | | 624 | Transportes | | | | |
| **A609** | Outros custos quilométricos | Gastos de explotación cuxa devindicación se encontre directamente relacionada co proceso esencial do servizo de transporte, estea condicionado polo volume de quilómetros realizados e non sexa posible clasificalos dentro de ningún dos anteriores. | 629 | Outros servizos | Autocar | Autocar ↓ Liña/ servizo | Quilómetros | 11. Unicamente se incluirán aqueles gastos que, non estando comprendidos dentro dos restantes do grupo de custos quilométricos, baixo un criterio obxectivo sexan susceptibles de se asignaren de forma específica a un autocar e sempre que o seu importe estea directamente relacionado co número de quilómetros realizados.<br><br>12. Estes custos imputaranse ás liñas ou servizos aos cales se encontren adscritos os autocares que os orixinen, axustándose os importes correspondentes aos percorridos ou traxectos realizados para outras liñas ou servizos distintos en función do número de quilómetros de acordo cos rexistros dos libros de rutas dos autocares.<br><br>13. Tamén será de aplicación a este tipo de custos a regra nº 4 prevista para os "Consumos correntes", en relación cos percorridos en baleiro. |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A610 CUSTOS TEMPORAIS - AMORTIZACIÓN DO MATERIAL MÓBIL** | | | | | | | | |
| **A6100** | Amortización e deterioración do vehículo | Expresión da depreciación sistemática anual efectiva dos autocares e dos seus equipamentos incorporados con carácter permanente atribuíble á súa normal actividade, así como as correccións valorativas que como consecuencia da deterioración dos activos sexa preciso practicar. | 681<br>691 | Amortización do inmobilizado material<br>Perdas por deterioración do inmobil. material | Autocar | Autocar ↓ Liña/ servizo | Quilómetros | 14. As amortizacións realizadas de acordo coas normas de valoración do PXC serán asignadas individualmente aos autocares e imputadas ás liñas ou servizos a que estean adscritos, e realizaranse os axustes que correspondan en función da utilización que tivesen os activos noutras liñas ou servizos.<br><br>15. A empresa realizará estes axustes en función dos quilómetros realizados, de acordo cos rexistros dos libros de rutas e dos tacógrafos.<br><br>16. Para os percorridos en baleiro seguirase o mesmo tratamento a que se fai referencia na regra 4 prevista para os "Consumos correntes"<br><br>17. Non será necesario presentar de forma separada a amortización/deterioración dos equipamentos complementarios cando a empresa teña previsto utilizalos con carácter permanente no mesmo autocar e a súa vida útil coincida coa do propio autocar. |
| **A6101** | Amortización e deterioración dos equipamentos | Depreciación e/ou deterioración correspondente aos equipamentos adicionais e complementarios dos autocares susceptibles de seren utilizados de forma independente. | | | | | | |
| **A611 CUSTOS TEMPORAIS - ARRENDAMENTO DE MATERIAL MÓBIL** | | | | | | | | |
| **A6110** | Contratos de arrendamento financeiro | Cotas de *leasing* por autocares explotados baixo o réxime de arrendamento financeiro, cando a empresa siga a práctica de rexistrar estas operacións como gastos, de acordo cos criterios específicos para microempresas do PXC para pemes. | 621 | Arrendamentos e canons | Autocar | Autocar ↓ Liña/ servizo | Quilómetros | 18. As cotas de *leasing* ou *renting* asignaranse aos autocares e imputaranse ás liñas ou servizos a que estean adscritos, procedéndose a realizar os axustes entre liñas e/ou servizos que correspondan en función dos quilómetros percorridos.<br><br>19. As cotas de *leasing* unicamente terán a consideración de gastos de arrendamento cando a empresa cumpra os requirimentos da normativa contable para as microempresas sinalados no artigo 4 do Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro. En todos os demais casos os vehículos explotados en réxime de arrendamento financeiro terán o mesmo |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6111** | Contratos de *renting* ou arrendamento operativo | Cotas de *renting* por autocares explotados de forma habitual baixo acordos de arrendamento operativo. | | | Autocar | Autocar ↓ Liña/ servizo | | tratamento que se se trata de elementos da mesma clase en propiedade.<br><br>20. No caso de operacións de *renting* a empresa reflectirá o importe total das cotas de *renting* sen deducir os gastos por outros servizos distintos da mera disposición do vehículo, tales como as primas de seguro e o mantemento.<br><br>21. Os importes en que se incorra en todas as demais operacións de arrendamento de material móbil imputaranse á liña ou servizo que corresponda e repartiranse de forma proporcional aos quilómetros percorridos en caso de que afecten varias(os) delas(es). |
| **A6112** | Arrendamentos para reforzos | Contratos de arrendamento de autocar sen condutor destinados a cubrir períodos de incremento da demanda ou situacións de carácter excepcional que non poidan ser atendidos cos vehículos propios. | | | Liña/ servizo | Liña/ servizo | | |
| **A6119** | Outros arrendamentos de material móbil | Calquera outro arrendamento de elementos de transporte sen condutor que se realice en situacións excepcionais ou de emerxencia para emendar a prestación dos servizos de transporte. | | | Liña/ servizo | Liña/ servizo | | |
| **A612 CUSTOS TEMPORAIS - FINANCIAMENTO DO MATERIAL MÓBIL** | | | | | | | | |
| **A6120** | Gastos financeiros de préstamos para frota | Xuros devindicados por préstamos de entidades financeiras destinados á adquisición do material móbil e o seu equipamento, calquera que sexa o seu prazo de vencemento e o modo en que estean instrumentados tales xuros. | 662 | Xuros de débedas | Autocar | Autocar ↓ Liña/ servizo | Quilómetros | 22. Asignaranse a cada autocar os xuros devindicados polos préstamos que outorgasen entidades financeiras e de crédito para a súa adquisición. Cando a compra do autocar se producise no marco dunha operación financeira máis ampla que afecte outros activos da empresa de forma conxunta, os xuros imputaranse proporcionalmente ao valor de adquisición de cada un dos activos.<br><br>23. Os xuros correspondentes a préstamos de terceiros que non teñan a condición de entidades financeiras ou de crédito, en especial se se trata de |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6121** | Gastos financeiros de contratos de *leasing* | Carga financeira asociada aos contratos de arrendamento financeiro do material móbil implícita nas cotas periódicas de *leasing*. | | | | | | empresas vinculadas, só serán imputables ao autocar na medida en que se encontren debidamente documentados e suxeitos a tipos de xuro de mercado referenciados aos indicadores xeralmente utilizados no contexto financeiro, como por exemplo o euríbor.<br><br>24. En ningún caso se imputarán aos autocares xuros correspondentes a produtos financeiros destinados a financiar o capital circulante da compañía, tales como pólizas de crédito, pólizas de desconto, contratos de *factoring, confirming*, etc.<br><br>25. Nas operacións de arrendamento financeiro, os xuros implícitos nas cotas periódicas de *leasing* asignaranse aos autocares seguindo un criterio financeiro, de acordo coa carga financeira desagregada nas táboas de amortización que figuren nos contratos e nas súas posteriores actualizacións.<br><br>26. Do mesmo modo que co resto dos custos, os xuros asignados a cada autocar imputaranse ás liñas ou servizos a que se encontren adscritos, e practicaranse os axustes que correspondan polas operacións que se realizasen para outras liñas ou servizos en función dos quilómetros percorridos. (3). |
| **A613 CUSTOS TEMPORAIS - DEREITOS DE EXPLOTACIÓN** | | | | | | | | |
| **A613** | Amortización do contrato de xestión de servizo público de transporte regular de | Gastos diferidos en que incorrese a empresa pola formalización do contrato de xestión dun servizo público | 623 | Servizos de profesionais independentes | Liña/ servizo | Liña/ servizo | Recadación | 27. Imputaranse a cada liña ou servizo as amortizacións e, de ser o caso, as correccións de valor que correspondan aos dereitos de explotación de cada unha delas. Para individualizar o importe correspondente a cada liña ou servizo, cando os dereitos de explotación se refiran a varias(os) |
| | | | 680 | Amortización do inmobilizado intanxible | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | viaxeiros de uso xeral e/ou fondo comercio | regular ou polos custos de adquisición dos dereitos derivados deste a un terceiro, así como os importes pagados a outras empresas en concepto de dereitos de traspaso ou fondos de comercio pola cesión de contratos e/ou carteiras de clientes. Así mesmo, inclúe as correccións do valor dos dereitos de explotación que resulte preciso practicar para reflectir eventuais deterioracións. | 690 | Perdas por deterioración do inmob. intanxible | | | | delas(es), tomarase como referencia o importe da recadación de cada liña ou servizo no último exercicio anterior á transacción de compravenda dos dereitos de explotación.<br><br>28. Unicamente se terán en consideración estes custos diferidos na medida en que fosen satisfeitos a terceiros. Non será admisible que a empresa impute este tipo de gastos cando se refiran a contratos de xestión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral dos cales fose adxudicatario en procesos de licitación pública, máis alá dos que se puidesen devindicar no proceso do concurso pola elaboración das ofertas, pola realización de estudos técnicos e outras operacións directamente relacionadas coa licitación. |
| **A614 CUSTOS TEMPORAIS - GASTOS DO PERSOAL DE A BORDO** | | | | | | | | |
| **A6140** | Remuneracións do persoal de condución | Remuneracións de carácter fixo e eventual do persoal de condución asignado ás operacións de transporte, incluídas as achegas a sistemas de pensións, así como os compromisos co persoal de condución retirado e as indemnizacións por despedimentos ou xubilacións anticipadas. | 640<br>641<br>643<br><br>644<br><br>645 | Soldos e salarios<br>Indemnizacións<br>Retribucións sistemas achega definida<br>Retribucións sistemas prestación definida<br>Retribucións instrumentos de patrimonio | Liña/ servizo | Liña/ servizo | Horas de condución | 29. Os gastos de persoal correspondentes aos condutores asignaranse directamente ás liñas ou servizos en que presten a súa actividade laboral, unha vez deducidos os importes que razoablemente resulten atribuíbles a actividades distintas da condución que, de ser o caso, serán imputados ás contas analíticas que correspondan (A6304, A6314, A6324, A6334 e A694). Cando os condutores realicen a súa actividade laboral indistintamente en diferentes liñas ou servizos de transporte da empresa, a asignación do gasto deberíase distribuír de forma proporcional ás horas de condución efectiva, de acordo cos rexistros dos tacógrafos e dos libros de ruta dos autocares (4). |
| **A6141** | Seguridade social do persoal de condución | Cotas por conta da empresa a favor dos organismos da Seguridade Social atribuíbles a este persoal | 642 | Seguridade social a cargo da empresa | | | | 30. Naqueles casos en que, pola súa complexidade, non resulte posible para a empresa asignar de forma individual os gastos do persoal de condución ás liñas ou servizos, estes asignaranse repartindo a totalidade deles en función das horas totais de condución efectiva atribuíbles a cada liña ou servizo, de acordo |

| Contas analíticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6142** | Axudas de custo do persoal de condución | Cantidades devindicadas polo persoal de condución en concepto de pensión alimenticia e aloxamento nos desprazamentos fóra do lugar do seu domicilio habitual. | 629 | Outros servizos | | | | cos rexistros dos tacógrafos e dos libros de ruta dos autocares. En todo caso, a cifra total de gastos de persoal de condución que se reparta entre todas as liñas e servizos deberá ter sido axustada polos importes que razoablemente resulten atribuíbles a actividades distintas da condución (5) que, de ser o caso, serán imputados ás contas analíticas que correspondan (A6304, A6314, A6324, A6334 e A694). |
| **A6143** | Outros custos sociais do persoal de condución | Gastos de natureza social realizados de forma voluntaria ou en cumprimento de disposicións legais, tales como formación, bolsas, seguros de vida, seguros médicos, etc., atribuíbles ao persoal de condución. | 649 | Outros gastos sociais | | | | |
| **A6144** | Remuneracións doutro persoal de a bordo | Gastos da mesma natureza que os descritos nas contas analíticas A6140, A6141, A6142 e A6143 atribuíbles ao resto do persoal de a bordo distinto do condutor, tales como cobradores, auxiliares de a bordo, acompañantes obrigatorios, guías, etc. | 640 | Soldos e salarios | | | Horas de servizo - Quilómetros | 31. Os gastos do resto do persoal de a bordo distinto do persoal de condución deberanse asignar directamente ás liñas ou servizos onde prestasen a súa actividade en función das horas de traballo efectivas. Naqueles casos en que non sexa posible determinar con exactitude as horas de traballo realizadas por cada empregado en cada liña, os gastos asignaranse en función dos tempos de marcha efectiva do autocar (equivalente ás horas de condución) ou dos quilómetros percorridos. |
| | | | 641 | Indemnizacións | | | | |
| | | | 643 | Retribucións sistemas achega definida | | | | |
| | | | 644 | Retribucións sistemas prestación definida | | | | |
| | | | 645 | Retribucións instrumentos de patrimonio | | | | |
| **A6145** | Seguridade social doutro persoal de a bordo | | 642 | Seguridade social a cargo da empresa | | | | |
| **A6146** | Axudas de custo doutro persoal de a bordo | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A6147** | Outros custos sociais doutro persoal de a bordo | | 649 | Outros gastos sociais | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A615 CUSTOS TEMPORAIS - SEGUROS** | | | | | | | | |
| **A6150** | Seguro de autocar | Cantidades satisfeitas en concepto de primas de seguro sobre o autocar, os seus equipamentos e accesorios, así como sobre o persoal de a bordo. Tamén estarán comprendidos dentro desta mesma epígrafe os seguros obrigatorios e complementarios de viaxeiros e as súas equipaxes cando estes se incluísen dentro da mesma póliza de seguro que o autocar e o seu importe se estableza de forma inseparable. | 625 | Primas de seguro | Autocar | Autocar ↓ Liña/ servizo | Quilómetros | 32. Os seguros de autocar asignaranse de forma individual a cada un deles e imputaranse ás liñas ou servizos a que se encontren adscritos, practicándose os axustes que proceda cando estes se utilicen noutras liñas ou servizos diferentes aos da súa adscrición en función dos quilómetros realizados. Tamén se asignarán desta maneira os seguros do persoal de a bordo, viaxeiros e equipaxes cando o importe das primas se determine de forma conxunta coa cobertura do autocar.<br><br>33. Os seguros de viaxeiros e equipaxes que se determinasen de forma separada ao do autocar imputaranse á liña ou servizo que corresponda, ou en función dos viaxeiros.km cando non sexa posible identificalos de forma específica ou cando estean baseados nun acordo global que afecte todos os servizos de transporte da compañía. |
| **A6151** | Seguro de viaxeiros | Cantidades satisfeitas en concepto de primas seguros de viaxeiros de carácter obrigatorio, complementario ou voluntario, cando estas se establecesen de forma independente ao seguro do autocar. | | | Liña/ servizo | Liña/ servizo | Viaxeiros km viaxeiros | 34. Nos contratos de xestión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral, cando os seguros de viaxeiros e equipaxes constitúan un servizo voluntario para o viaxeiro e representen cargos adicionais sobre as tarifas de transporte, o custo da prima deberase imputar á mesma liña para a cal se expide o billete ou título de transporte asociado. |
| **A6152** | Seguro de equipaxes | Cantidades satisfeitas en concepto de primas de seguros sobre as equipaxes, cando estas se establecesen de forma independente ao seguro do autocar. | | | Liña/ servizo | Liña/ servizo | Viaxeiros km viaxeiros | |

| Contas analíticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS: Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A6159** | Outras pólizas de seguro | Importes correspondentes a outros seguros que cubran continxencias asociadas á prestación do servizo do transporte e que se contratase de forma separada á póliza de seguro do autocar. | | | Autocar ou liña/ servizo | Liña/ servizo | Quilómetros | |
| **A616 CUSTOS TEMPORAIS - IMPOSTOS, TAXAS E EXACCIÓNS** | | | | | | | | |
| **A6160** | Visados | Taxas satisfeitas polo visado das autorizacións de transporte, así como os gastos de xestión asociados á tramitación. | 621<br>622<br>623 | Arrendamentos e canons<br>Reparacións e conservación<br>Servizos de profesionais independentes | Autocar | Autocar<br>↓<br>Liña/ servizo | Quilómetros | 35. Todos os gastos de natureza fiscal, taxas, canons ou servizos públicos se asignarán directamente aos autocares correspondentes e se imputarán ás liñas ou servizos aos cales estean adscritos, e procederase a regularizar as cantidades que correspondan en función dos quilómetros realizados cando se utilizasen en liñas ou servizos distintos aos da súa adscrición.<br>Con excepción dos custos a que se fai referencia na regra 36, referidos ao volume de billetes vendidos ou viaxeiros, non se admitirá dentro desta categoría de custos de explotación ningún concepto ou partida que non se poida asignar individualmente dunha maneira exacta a cada autocar, caso en que se deberán considerar gastos de estrutura dentro das contas analíticas que correspondan.<br><br>36. As taxas de estacións públicas que estean referidas aos billetes vendidos nos despachos de billetes ou aos viaxeiros que utilizan as instalacións imputaranse ás liñas ou servizos que corresponda. |
| **A6161** | Inspección Técnica de Vehículos | Importes satisfeitos polos servizos de inspección técnica de vehículos obrigatoria dos autocares. | 631<br>634<br>639 | Outros tributos<br>Axustes negativos na imposición indirecta<br>Axustes positivos na imposición indirecta | | | | |
| **A6162** | Imposto de actividades económicas | Importe correspondente ao imposto sobre actividades económicas aplicable aos autocares de acordo coas tarifas vixentes para as actividades de transporte de viaxeiros por estrada comprendidas dentro das epígrafes 721.1 e 721.3 | | | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6163** | Imposto sobre vehículos de motor | Cantidades satisfeitas polos impostos municipais sobre vehículos de tracción mecánica, calquera que sexa a súa denominación. | | | | | | |
| **A6164** | Inspección de tacógrafo | Importes satisfeitos polos servizos de control e inspección oficial da instalación dos tacógrafos dos vehículos | | | | | | |
| **A6165** | Taxas de estacións | Taxas satisfeitas pola entrada e saída de autobuses nas estacións públicas de transporte, polo estacionamento dos autocares, por billetes emitidos nos despachos de billetes da estación e por calquera servizo da estación prestado directamente sobre os autocares. Non se incluirán dentro desta conta os gastos de arrendamento de despachos de billetes, oficinas, espazos comerciais, servizos de vixilancia ou outros que non estean directamente individualizados por autocar. | | | Autocar ou liña/ servizo | | Quilómetros Viaxeiros | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6169** | Outras exaccións públicas imputables | Gastos de carácter fiscal e outros gastos derivados de disposicións normativas ou da utilización de servizos públicos das administracións ou empresas contratistas de servizos públicos que, podéndose identificar de forma específica para cada autocar ou, de ser o caso, para cada condutor, non se poidan encadrar en ningunha das contas analíticas anteriores (A6160 a A6165). A título de exemplo, incluiranse as sancións administrativas de calquera tipo (por infraccións de tráfico, de normativa de tempos de descanso e condución, etc.) e os axustes na imposición indirecta. | | | Autocar | | Quilómetros | |
| **A619 CUSTOS TEMPORAIS - OUTROS SERVIZOS IMPUTABLES AO MATERIAL MÓBIL** | | | | | | | | |
| **A619** | Outros servizos imputables ao material móbil | Outros servizos de carácter complementario prestados por terceiros cuxo alcance estea relacionado coa realización do servizo de transporte e que sexa posible imputar de forma individualizada aos autocares. A título de exemplo, poderanse | 629 | Outros servizos | Autocar | Autocar ↓ Liña/ servizo | Quilómetros | 37. Cando os servizos complementarios sexan asignables de forma individualizada aos autocares, imputaranse á liña ou servizo a que se encontren adscritos, e axustaranse as cantidades que procedan cando estes se utilicen noutras liñas ou servizos distintos, en función dos quilómetros realizados en cada caso. No caso de que non sexa posible asignar estes custos de forma específica a cada autocar, terán a consideración de gastos de estrutura e clasificaranse na conta analítica A692 Servizos exteriores xerais. |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | incluír nesta conta analítica os servizos de telefonía a bordo, redes sen fíos (wifi), dereitos de emisión de produtos multimedia, etc. | | | | | | |
| **A62 OUTROS CUSTOS DIRECTOS VARIABLES** | | | | | | | | |
| **A620** | Aprovisionamentos para servizos a bordo | Consumo de artigos de todo tipo destinados á atención a bordo dos viaxeiros, tales como produtos de cátering, refrixerios, bebidas, auriculares, prensa, artigos de promoción, regalos, etc. | 600 | Compras de mercadorías | Autocar | Autocar ↓ Liña/ servizo | Viaxeiros | 38. Os consumos de produtos para a atención a bordo dos viaxeiros imputaranse, a ser posible, ás liñas ou servizos que os orixinasen. Cando isto non sexa posible ou cando afecten varias liñas e/ou servizos, repartiranse en función da recadación imputable a cada un deles. |
| | | | 602 | Compras doutros aprovisionamentos | | | | |
| | | | 606 | Descontos sobre compras por pronto pagamento | | | | |
| | | | 608 | Devolucións de compras | | | | |
| | | | 609 | *Rappels* sobre compras | | | | |
| | | | 610 | Variación existencias de mercadorías | | | | |
| | | | 612 | Variación existencias doutros aprovisionam. | | | | |
| | | | 693 | Perdas por deterioración de existencias | | | | |
| **A621** | Comisións sobre vendas de billetes | Comisións a favor de terceiros polas vendas de billetes ou títulos de transporte das liñas da empresa. | 623 | Servizos de profesionais independentes | Liña/ servizo | Liña/ servizo | Billetes | 39. As comisións sobre vendas imputaranse directamente ás liñas ás cales correspondan os billetes vendidos. En ningún caso se admitirá a clasificación das comisións deducindo o importe de venda do billete ou título de transporte nas contas analíticas A700 "Ingresos brutos por títulos de transporte propios" ou A704 "Descontos e promocións" |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| | | | 659 | Outras perdas en xestión corrente. | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A622** | Indemnizacións a usuarios | Indemnizacións de calquera tipo satisfeitas a clientes e usuarios por circunstancias acaecidas no servizo de transporte (demoras, perdas de equipaxe, *overbooking,* etc.). | | | | | Reclamacións | 40. Os importes correspondentes a indemnizacións de calquera tipo a favor de usuarios ou clientes serán imputados á liña ou servizo en que se producise o feito ou a circunstancia que orixinase o dereito en favor daqueles. A imputación do gasto realizarase con independencia de que a carga da indemnización sexa asumida por unha compañía de seguros no marco dunha póliza de responsabilidade civil ou similar, caso en que os importes que recupere a empresa se deberán clasificar como ingresos na conta analítica A719 "Outros ingresos de xestión da liña ou servizo". |
| **A623** | Servizos especiais a usuarios | Gastos de carácter excepcional ocasionados pola atención a usuarios en situacións especiais. A título de exemplo, incluiranse os destinados á atención de persoas de mobilidade reducida, así como servizos aos usuarios en situacións excepcionais como folgas, inclemencias meteorolóxicas, etc. | | | | | Usuarios atendidos | 41. Os gastos en que se incorrese en servizos especiais a usuarios clasificaranse nesta conta sempre e cando se producisen fóra dos estándares habituais do servizo [(6)]. No caso de atención de persoas de mobilidade reducida, por exemplo, serán admisibles cando se trate de servizos de empresas de traballo temporal contratados *ex profeso* e non cando os prestase o persoal propio das estacións ou o persoal de a bordo. |
| **A630 OUTROS CUSTOS DIRECTOS FIXOS - COMERCIALIZACIÓN E VENDAS** | | | | | | | | |
| **A6300** | Compras de material de comercialización | Gastos relativos ao consumo de todo tipo de material destinado á emisión de billetes e títulos de transporte en xeral, así como todo tipo de consumibles relacionados coa comercialización dos servizos de transporte da empresa e para o normal funcionamento dos despachos de billetes e puntos de venda. | 602<br>606<br>608<br>609<br>612<br>693 | Compras doutros aprovisionamentos<br>Descontos sobre compras por pronto pagamento<br>Devolucións de compras<br>*Rappels* sobre compras<br>Variación existencias doutros aprovisionam.<br>Perdas por deterioración de existencias | Centro de custo | Centro de custo ↓ Liña/ servizo | Viaxeiros | 42. Como regra xeral, todos os gastos que se imputen ao centro de custo de comercialización e vendas deberán poder asignarse, pola súa vez, a unha ou a varias das liñas de transporte regular de uso xeral, ou a un ou varios dos servizos regulares de uso especial e discrecionais, tomando como base o número de viaxeiros. No caso de que isto non sexa posible, os gastos terán a consideración de gastos de estrutura e clasificaranse nas contas analíticas do capítulo A69 que corresponda en función da súa natureza. |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6302** | Servizos exteriores imputables | Servizos de terceiros, comprendidos dentro das contas do número 62 do PXC, que resulten directamente asignables á comercialización dos servizos de transporte da empresa ou aos despachos de billetes e puntos de venda. A título de exemplo, incluiranse os arrendamentos de despachos de billetes en estacións, os gastos de mantemento e subministracións destes, o arrendamento e mantemento de máquinas expendedoras, os gastos de promoción e publicidade dos servizos de transporte, etc. | 621 | Arrendamentos e canons | | | Títulos expedidos | 43. Todos os gastos asociados ao funcionamento de despachos de billetes e dos puntos e sistemas de venda de títulos de transporte, independentemente de cal sexa a súa natureza (consumos, servizos exteriores, persoal, amortizacións, financeiros ou doutro tipo), se imputarán ás distintas liñas regulares da empresa en función do número de títulos de transporte de cada liña que se expedisen nos despachos de billetes e puntos de venda propios, salvo que os sistemas da empresa permitan realizar unha asignación individualizada destes gastos a cada unha das liñas en particular. |
| | | | 622 | Reparacións e conservación | | | | |
| | | | 623 | Servizos de profesionais independentes | | | | |
| | | | 625 | Primas de seguros | | | | |
| | | | 626 | Servizos bancarios e similares | | | | |
| | | | 627 | Publicidade, propaganda e RRPP | | | | |
| | | | 628 | Subministracións | | | Viaxeiros | 44. Todos os demais gastos de comercialización e venda que non se encontren asociados ao funcionamento de despachos de billetes e puntos de venda, como por exemplo os gastos de carácter promocional e/ou publicitario, se imputarán, a ser posible, ás liñas ou servizos que os orixinasen. Cando isto non sexa posible ou cando afecten varias liñas e/ou servizos, repartiranse en función dos viaxeiros transportados en cada unha delas. |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A6304** | Persoal de comercialización e de vendas (vendedores de billetes) | Gastos de todo tipo (retribucións fixas e variables, indemnizacións, achegas a sistemas de pensións, seguridade social, axudas de custo e outros gastos sociais) asignables ao persoal de despachos de billetes e puntos de venda. | 640 | Soldos e salarios | | | | |
| | | | 641 | Indemnizacións | | | N/A | 45. Os gastos de representación e relacións públicas non terán a consideración de gastos de comercialización e vendas, salvo que sexa posible asignalos directamente a unha liña ou servizo con base nun criterio obxectivo. En caso contrario, deberanse clasificar como gastos de estrutura. |
| | | | 642 | Seguridade social a cargo da empresa | | | | |
| | | | 643 | Retribucións sistemas achega definida | | | | |
| | | | 644 | Retribucións sistemas prestación definida | | | Horas de traballo<br>Superficie ocupada<br><br>Número de | 46. Os gastos derivados de recursos operativos que sexan comúns a outros centros de custo deberanse axustar en función dos seguintes criterios:<br>- Tratándose de gastos de persoal, en función das horas de traballo realizadas en cada centro de custo.<br>- No caso de gastos de arrendamento, mantemento, seguros sobre instalacións e amortizacións e deterioracións de valor dos activos, en función da |
| | | | 645 | Retribucións instrumentos de patrimonio | | | | |
| | | | 649 | Outros gastos sociais | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | | 629 | Outros servizos | | | empregados | superficie ocupada polas actividades de cada centro de custo.<br>- No caso de subministracións e doutros servizos exteriores, en función do número de empregados de cada centro de custo.<br>Esta mesma regra resultará aplicable aos demais centros de custo directos. |
| **A6305** | Outros gastos de xestión comercial e de vendas | Outros gastos de xestión comercial que resulten imputables. A título de exemplo, incluiranse as perdas por insolvencias de clientes cando se prestasen servizos a crédito (non aplicable normalmente en liñas regulares) ou os resultados a favor de terceiros en operacións en común con outras empresas, como é o caso de acordos de "solapamento" ou similares. | 650 | Perdas de créditos incobrables | | | | |
| | | | 651 | Resultados de operacións en común | | | | |
| | | | 659 | Outros gastos de xestión corrente | | | | |
| | | | 695 | Dotación á provisión por oper. comerciais | | | | |
| | | | 696 | Perda deterioración de participacións a longo prazo | | | | |

| Contas analíticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS: Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A6306** | Gastos financeiros imputables | Xuros ou cargas financeiras devindicados por préstamos e contratos de arrendamento financeiro para o financiamento dos activos que se encontran afectos ao departamento comercial e aos despachos de billetes e puntos de venda de billetes da empresa. | 662 | Xuros de débedas | | | | |
| **A6308** | Amortización e deterioración do inmobilizado | Expresión da depreciación sistemática anual efectiva dos activos afectos aos sistemas de vendas e despachos de billetes da empresa, así como as correccións valorativas que como consecuencia da deterioración dos activos sexa preciso practicar. | 680 | Amortización do inmobilizado intanxible | | | | |
| | | | 681 | Amortización do inmobilizado material | | | | |
| | | | 682 | Amortización de investimentos inmobiliarios | | | | |
| | | | 690 | Perdas por deterioración do inm. intanxible | | | | |
| | | | 691 | Perdas por deterioración do inmobil. material | | | | |
| | | | 692 | Perdas por deterioración de inv. mobiliarios | | | | |
| **A631 OUTROS CUSTOS DIRECTOS FIXOS - TRÁFICO E ESCALAS** | | | | | | | | |
| **A6310** | Compras de materiais consumibles | Gastos relativos ao consumo de todo tipo de materiais destinados ao normal funcionamento do departamento de tráfico e as escalas das liñas e servizos de transporte a empresa. | 602 | Compras doutros aprovisionamentos | Centro de custo | Centro de custo ↓ Liña/ servizo | Horas de condución | 47. Como regra xeral, todos os custos imputables ao control de tráfico da empresa se asignarán pola súa vez ás liñas e servizos que os orixinen con base nas horas de condución imputables a cada un daqueles, salvo que os sistemas da empresa permitan realizar unha asignación individualizada destes gastos a cada unha das liñas ou servizos en particular. |
| | | | 606 | Descontos sobre compras por pronto pagamento | | | | |
| | | | 608 | Devolucións de compras | | | | |
| | | | 609 | *Rappels* sobre compras | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | | 612 | Variación existencias doutros aprovisionam. | | | Viaxeiros | 48. Pola súa parte, os gastos ocasionados nas escalas realizadas polos autocares da empresa (ou subcontratados en operacións de reforzo), tanto nos puntos de orixe e destino como nas paradas dos itinerarios e nas paradas técnicas da ruta, asignaranse ás distintas liñas e servizos de transporte da empresa en función do número de viaxeiros. Non se asignarán gastos de escala a aquelas liñas ou servizos onde non se faga utilización de instalacións por parte dos viaxeiros. |
| | | | 693 | Perdas por deterioración de existencias | | | | |
| **A6312** | Servizos exteriores imputables | Servizos de terceiros, comprendidos dentro das contas do número 62 do PXC, que resulten directamente asignables ás operacións de control de tráfico e á xestión das escalas das liñas e servizos da empresa. A título de exemplo, estarán comprendidos o arrendamento de oficinas de tráfico en estacións, salas de descanso e remuda de condutores en escalas, servizos de terceiros en escalas, etc. | 621 | Arrendamentos e canons | | | | |
| | | | 622 | Reparacións e conservación | | | | |
| | | | 623 | Servizos de profesionais independentes | | | | |
| | | | 625 | Primas de seguros | | | | |
| | | | 628 | Subministracións | | | Horas de traballo<br>Superficie ocupada<br>Número de empregados | 49. Cando os gastos imputables ao control do tráfico e escalas correspondan a recursos operativos que sexan comúns a outros centros de custo, deberán axustarse aplicando os criterios recollidos na regra nº 46. |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A6314** | Persoal de tráfico e escalas | Gastos de todo tipo (retribucións fixas e variables, indemnizacións, achegas a sistemas de pensións, seguridade social, axudas de custo e outros gastos sociais) asignables ao persoal de control de tráfico e escalas. | 640 | Soldos e salarios | | | | |
| | | | 641 | Indemnizacións | | | | |
| | | | 642 | Seguridade social a cargo da empresa | | | | |
| | | | 643 | Retribucións sistemas achega definida | | | | |
| | | | 644 | Retribucións sistemas prestación definida | | | | |
| | | | 645 | Retribucións instrumentos de patrimonio | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | | 649 | Outros gastos sociais | | | | |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A6316** | Gastos financeiros imputables | Xuros ou cargas financeiras devindicados por préstamos e contratos de arrendamento financeiro para o financiamento dos activos que se encontran afectos ao control de tráfico e as escalas das liñas e servizos da empresa. | 662 | Xuros de débedas | | | | |
| **A6318** | Amortización e deterioración do inmobilizado | Expresión da depreciación sistemática anual efectiva dos activos afectos aos sistemas de control de tráfico e escalas das liñas e servizos de transporte da empresa, así como as correccións valorativas que como consecuencia da deterioración dos activos sexa preciso practicar. | 680 | Amortización do inmobilizado intanxible | | | | |
| | | | 681 | Amortización do inmobilizado material | | | | |
| | | | 682 | Amortización de investimentos inmobiliarios | | | | |
| | | | 690 | Perdas por deterioración do inm. intanxible | | | | |
| | | | 691 | Perdas por deterioración do inmobil. material | | | | |
| | | | 692 | Perdas por deterioración de inv. mobiliarios | | | | |
| **A632 OUTROS CUSTOS DIRECTOS FIXOS - MANTEMENTO DA FROTA** | | | | | | | | |
| **A6320** | Compras de recambios e doutros consumibles | Gastos relativos ao consumo de recambios, útiles e materiais destinados ao mantemento en propio da frota da compañía e dos seus equipamentos incorporados. | 602 | Compras doutros aprovisionamentos | Centro de custo | Centro de custo ↓ Liña/ servizo | Quilómetros | 50. Como regra xeral, todos os custos de mantemento en propio da frota da empresa deberán ser asignados individualmente aos autocares que os orixinan, a partir dos partes de traballo de taller e en función das horas de man de obra imputables. Cando pola súa complexidade ou pola estrutura da empresa isto non sexa posible, os custos totais do centro de custo de mantemento repartiranse entre todos os vehículos da empresa en función dos quilómetros realizados, |
| | | | 606 | Descontos sobre compras por pronto pagamento | | | | |
| | | | 608 | Devolucións de compras | | | | |
| | | | 609 | *Rappels* sobre compras | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | | 612 | Variación existencias doutros aprovisionam. | | | | ponderados en función do valor de adquisición actualizado de cada vehículo(7). Previamente deberanse deducir dos custos totais do centro de custo aqueles que razoablemente se deban imputar a servizos de asistencia técnica para terceiros ou para outras liñas de negocio ou actividade da empresa. |
| | | | 693 | Perdas por deterioración de existencias | | | | |
| **A6322** | Servizos exteriores imputables | Servizos de terceiros, comprendidos dentro das contas do número 62 do PXC, que resulten directamente asignables ás operacións de mantemento en propio da frota. A título de exemplo, estarán comprendidos o arrendamento de talleres, as subministracións de enerxía e auga para os talleres, os servizos de retirada de lubrificantes e refugallos, etc. | 621 | Arrendamentos e canons | | | | 51. Seguindo o mesmo procedemento que para todos os custos asignables a autocares, estes gastos imputaranse ás liñas ou servizos de transporte a que estean adscritos os autocares, e realizaranse os axustes que procedan cando estes se utilicen noutras liñas ou servizos diferentes en función dos quilómetros realizados en cada caso de acordo cos rexistros dos libros de rutas. |
| | | | 622 | Reparacións e conservación | | | | |
| | | | 623 | Servizos de profesionais independentes | | | | |
| | | | 625 | Primas de seguros | | | | |
| | | | 628 | Subministracións | | | | |
| | | | 629 | Outros servizos | | | Horas de traballo<br>Superficie ocupada<br>Número de empregados | 52. Cando os gastos imputables ao mantemento en propio da frota correspondan a recursos operativos que sexan comúns a outros centros de custo, deberanse axustar aplicando os criterios recollidos na regra nº 46. |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A6324** | Persoal de taller | Gastos de todo tipo (retribucións fixas e variables, indemnizacións, achegas a sistemas de pensións, seguridade social, axudas de custo e outros gastos sociais) asignables ao persoal dos talleres de mantemento da empresa. | 640 | Soldos e salarios | | | | |
| | | | 641 | Indemnizacións | | | | |
| | | | 642 | Seguridade social a cargo da empresa | | | | |
| | | | 643 | Retribucións sistemas achega definida | | | | |
| | | | 644 | Retribucións sistemas prestación definida | | | | |
| | | | 645 | Retribucións instrumentos de patrimonio | | | | |
| | | | 649 | Outros gastos sociais | | | | |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A6326** | Gastos financeiros imputables | Xuros ou cargas financeiras devindicados por préstamos e contratos de arrendamento financeiro para o financiamento dos activos que se encontran afectos aos talleres de mantemento da empresa. | 662 | Xuros de débedas | | | | |
| **A6328** | Amortización e deterioración do inmobilizado | Expresión da depreciación sistemática anual efectiva dos activos afectos aos talleres de mantemento da | 680 | Amortización do inmobilizado intanxible | | | | |
| | | | 681 | Amortización do inmobilizado material | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | empresa tales como equipamentos, instalacións fixas, maquinaria, útiles, túneles de lavado, surtidores, depósitos de combustible, etc., así como as correccións valorativas que como consecuencia da deterioración dos activos sexa preciso practicar. | 682 | Amortización de investimentos inmobiliarios | | | | |
| | | | 690 | Perdas por deterioración do inm. intanxible | | | | |
| | | | 691 | Perdas por deterioración do inmobil. material | | | | |
| | | | 692 | Perdas por deterioración de inv. mobiliarios | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS: Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **A633 OUTROS CUSTOS DIRECTOS FIXOS - COMPRAS E ALMACÉN** | | | | | | | | |
| **A6330** | Compras de materiais consumibles | Gastos relativos ao consumo de materiais de todo tipo para o normal funcionamento do departamento de compras e almacéns da empresa relacionados coas actividades de transporte de viaxeiros por estrada. | 602 | Compras doutros aprovisionamentos | Centro de custo | Centro de custo ↓ Liña/ servizo | Quilómetros | 53. Os custos do departamento de compras e almacén só terán a consideración de custos directos cando respondan en exclusiva ás operacións relativas ao transporte de viaxeiros por estrada ou cando os sistemas de información e xestión da empresa permitan identificar de forma individualizada os autocares ou as liñas ou servizos nos cales tivesen a súa orixe. En caso contrario, os custos deste departamento terán a consideración de gastos de estrutura e imputaranse nas contas analíticas do capítulo A69 que corresponda en función da súa natureza.<br><br>54. A asignación dos custos do departamento de compras e almacén realizarase entre todos os autocares da empresa en función dos quilómetros realizados e seguiranse os mesmos criterios de imputación a liñas e servizos que se determinaron para os custos doutra natureza. |
| | | | 606 | Descontos sobre compras por pronto pagamento | | | | |
| | | | 608 | Devolucións de compras | | | | |
| | | | 609 | *Rappels* sobre compras | | | | |
| | | | 612 | Variación existencias doutros aprovisionam. | | | | |
| | | | 693 | Perdas por deterioración de existencias | | | | |
| **A6332** | Servizos exteriores imputables | Servizos de terceiros, comprendidos dentro das contas do número 62 do PXC, que resulten directamente asignables ás operacións de aprovisionamento e de xestión dos almacéns da empresa. A título de exemplo estarán comprendidos o arrendamento de almacéns e as subministracións de enerxía e auga para aqueles. | 621 | Arrendamentos e canons | | | | |
| | | | 622 | Reparacións e conservación | | | | |
| | | | 623 | Servizos de profesionais independentes | | | Horas de traballo<br>Superficie ocupada<br>Número de empregados | 55. Cando os gastos imputables ao centro de compras e almacén correspondan a recursos operativos que sexan comúns a outros centros de custo, deberán axustarse aplicando os criterios recollidos na regra nº 46. |
| | | | 625 | Primas de seguros | | | | |
| | | | 628 | Subministracións | | | | |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A6334** | Persoal de compras e almacén | Gastos de todo tipo (retribucións fixas e variables, | 640 | Soldos e salarios | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | indemnizacións, achegas a sistemas de pensións, Seguridade social, axudas de custo e outros gastos sociais) asignables ao persoal de compras e almacén da empresa. | 641 | Indemnizacións | | | | |
| | | | 642 | Seguridade social a cargo da empresa | | | | |
| | | | 643 | Retribucións sistemas achega definida | | | | |
| | | | 644 | Retribucións sistemas prestación definida | | | | |
| | | | 645 | Retribucións instrumentos de patrimonio | | | | |
| | | | 649 | Outros gastos sociais | | | | |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A6336** | Gastos financeiros imputables | Xuros ou cargas financeiras devindicados por préstamos e contratos de arrendamento financeiro para o financiamento dos activos que se encontran afectos aos almacéns da empresa. | 662 | Xuros de débedas | | | | |
| **A6338** | Amortización e deterioración do inmobilizado | Expresión da depreciación sistemática anual efectiva dos activos afectos aos almacéns da empresa, así como as correccións valorativas que como | 680 | Amortización do inmobilizado intanxible | | | | |
| | | | 681 | Amortización do inmobilizado material | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | consecuencia da deterioración dos activos sexa preciso practicar. | 682 | Amortización de investimentos inmobiliarios | | | | |
| | | | 690 | Perdas por deterioración do inm. intanxible | | | | |
| | | | 691 | Perdas por deterioración do inmobil. material | | | | |
| | | | 692 | Perdas por deterioración de inv. mobiliarios | | | | |
| **A69 GASTOS DE ESTRUTURA REPERCUTIBLES** | | | | | | | | |
| **A690** | Compras de materiais diversos | Consumo de materiais de todo tipo para o normal funcionamento dos departamentos de apoio da empresa, tales como material de oficina, produtos publicitarios, etc., así como o resto de aprovisionamentos de carácter xeral que non sexan asignables de forma individual ás liñas de negocio da empresa. | 600 | Compras de mercadorías | Estrutura | Área de negocio<br>↓<br>Liña/ servizo | Cifra de negocio<br>Gastos de persoal | 56. Os gastos que correspondan a outras actividades diferentes do transporte de viaxeiros por estrada asignaranse directamente ás actividades ou liñas de negocio que os orixinasen, de acordo coa clasificación analítica que a empresa considere máis apropiada en función da natureza daqueles. Unicamente terán a consideración de gastos de estrutura aqueles que non se poidan asociar dunha forma directa a unha actividade ou liña de negocio concreta ou nos cales se presente algunha das seguintes circunstancias:<br>- Que afecten de forma xeral todas as actividades ou liñas de negocio da empresa (por exemplo, os gastos de dirección e administración e doutros departamentos ou centros de custo comúns a toda a empresa).<br>- Que sexan comúns a varias actividades ou liñas de negocio da empresa.<br>- Cando, de acordo coas regras xerais de imputación aplicables á actividade de transporte de viaxeiros por estrada, non se poidan imputar de forma obxectiva a algunha liña ou servizo de transporte da empresa (véxanse regras nº 4, 35, 37, 42, 45 e 53). |
| | | | 602 | Compras doutros aprovisionamentos | | | | |
| | | | 606 | Descontos sobre compras por pronto pagamento | | | | |
| | | | 608 | Devolucións de compras | | | | |
| | | | 609 | *Rappels* sobre compras | | | | |
| | | | 610 | Variación de existencias de mercadorías | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS: Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 612 | Variación existencias doutros aprovisionam. | | | | 57. Nun primeiro nivel, os gastos de estrutura que afecten de forma xeral todas as actividades ou liñas de negocio da empresa imputaranse a aquelas de forma proporcional á cifra de negocios ou aos gastos do persoal directo de cada unha, dependendo de cal das dúas magnitudes sexa máis representativa da repartición de actividades. O importe que resulte imputable á actividade de transporte de viaxeiros por estrada asignarase, nun segundo nivel, a cada unha das liñas ou servizos de transporte en función da recadación de cada unha delas.<br><br>58. Cando os gastos de estrutura afecten só varias actividades ou liñas de negocio, repartiranse unicamente entre estas de acordo cos mesmos criterios sinalados na regra anterior.<br><br>59. Os gastos da actividade de transporte de viaxeiros por estrada que, de acordo coas regras nº 4, 35, 37, 42, 45 e 53, non se poidan imputar dunha forma obxectiva a algunha liña ou servizo de transporte da empresa repartiranse entre todas elas como gastos de estrutura en función da recadación de cada unha delas.<br><br>60. Co fin de non desvirtuar a análise das distintas operacións da empresa, o imposto sobre beneficios non terá consideración de gasto de estrutura, e presentaranse os resultados das distintas actividades e liñas de negocio antes de impostos. |
| | | | 693 | Perdas por deterioración de existencias | | | | |
| **A692** | Servizos exteriores xerais | Servizos de natureza diversa incluídos no capítulo 62 do PXC prestados por terceiros á empresa e que se refiran á empresa na súa globalidade, aos departamentos de apoio ou que non sexan asignables dunha forma directa ás liñas e servizos de transporte. | 620 | Gastos de investigación e desenvolvemento | | | | |
| | | | 621 | Arrendamentos e canons | | | | |
| | | | 622 | Reparacións e conservación | | | | |
| | | | 623 | Servizos de profesionais independentes | | | | |
| | | | 624 | Transportes | | | | |
| | | | 625 | Primas de seguros | | | | |
| | | | 626 | Servizos bancarios e similares | | | | |
| | | | 627 | Publicidade, propaganda e RRPP | | | | |
| | | | 628 | Subministracións | | | | |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A693** | Tributos | Impostos e tributos de | 631 | Outros tributos | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | toda clase, coa excepción do imposto sobre beneficios, que graven as operacións da empresa con carácter xeral ou que non sexan asignables individualmente ás liñas de negocio. A título de exemplo, recolleranse nesta conta analítica o IBI dos inmobles (cando sexan comúns a varias das actividades), taxas de retiradas de residuos, imposto de actos xurídicos documentados, etc. | 634 | Axustes negativos na imposición indirecta | | | | |
| | | | 639 | Axustes positivos na imposición indirecta | | | | |
| **A694** | Persoal non asignado | Remuneracións de carácter fixo e eventual do persoal de dirección e dos departamentos de apoio, así como aquel que non sexa asignable directamente ás liñas de negocio da empresa, incluídas as achegas a sistemas de pensións, así como os compromisos co persoal retirado e as indemnizacións por despedimentos ou xubilacións anticipadas. | 640 | Soldos e salarios | | | | |
| | | | 641 | Indemnizacións | | | | |
| | | | 642 | Seguridade social a cargo da empresa | | | | |
| | | | 643 | Retribucións sistemas achega definida | | | | |
| | | | 644 | Retribucións sistemas prestación definida | | | | |
| | | | 645 | Retribucións instrumentos de patrimonio | | | | |

| Contas analíticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | | 649 | Outros gastos sociais | | | | |
| | | | 629 | Outros servizos | | | | |
| **A695** | Outros gastos de xestión corrente non asignados | Outros gastos de xestión referidos á empresa con carácter xeral ou que non sexan asignables individualmente ás liñas de negocio. | 659 | Outras perdas en xestión corrente. | | | | |
| **A696** | Gastos financeiros non asignados | Xuros de todo tipo clasificados no capítulo 66 do PXC devindicados por débedas de calquera clase, tanto polo financiamento dos activos comúns a todas as liñas de negocio da empresa como as relacionadas co financiamento do capital circulante como pólizas de crédito, liñas de desconto, *factoring*, *confirming*, etc. ou por calquera tipo de diferimento das obrigacións de pagamento, así como as cargas financeiras atribuíbles a compromisos da empresa e a operacións de cobertura ou doutra natureza. | 660 | Gastos fin. por actualización de provisións | | | | |
| | | | 661 | Xuros de obrigacións e bonos | | | | |
| | | | 662 | Xuros de débedas | | | | |
| | | | 663 | Perdas por valoración de instrumentos fin. | | | | |
| | | | 664 | Dividendos de pasivos financeiros | | | | |
| | | | 665 | Xuros desconto de efectos e *factoring* | | | | |
| | | | 666 | Perdas partic. e valores represent. débedas | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | | 667 | Perdas de créditos non comerciais | | | | |
| | | | 668 | Diferenzas negativas de cambio | | | | |
| | | | 669 | Outros gastos financeiros | | | | |
| | | | 696 | Perd. deterioración de participacións a longo prazo | | | | |
| | | | 697 | Perd. por deterioración de créditos a longo prazo | | | | |
| | | | 698 | Perd. deterioración de participacións a longo prazo | | | | |
| | | | 699 | Perd. por deterioración de créditos a curto prazo | | | | |
| **A697** | Perdas non correntes e gastos excepcionais | Perdas rexistradas no capítulo 67 do PXC, entre outras, as resultantes de operacións de alleamento de inmobilizado de calquera tipo, as procedentes de participacións en empresas vinculadas e as de natureza excepcional (salvo multas e sancións da actividade de transporte recollidas | 670 | Perdas procedentes do inm. intanxible | | | | |
| | | | 671 | Perdas procedentes do inm. material | | | | |
| | | | 672 | Perdas procedentes de inv. inmobiliarios | | | | |
| | | | 673 | Perdas proc. de participac. en vinculadas | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | na conta analítica A6169). | 675 | Perdas por oper. con obrigacións propias | | | | |
| | | | 678 | Gastos excepcionais | | | | |
| **A698** | Amortización e deterioración do inmobilizado non asignado | Depreciación sistemática do valor dos activos comúns a todas as liñas de negocio da empresa, así como as correccións valorativas que como consecuencia da súa deterioración sexa preciso practicar. | 680 | Amortización do inmobilizado intanxible | | | | |
| | | | 681 | Amortización do inmobilizado material | | | | |
| | | | 682 | Amortización de investimentos inmobiliarios | | | | |
| | | | 690 | Perdas por deterioración do inm. intanxible | | | | |
| | | | 691 | Perdas por deterioración do inmobil. material | | | | |
| | | | 692 | Perdas por deterioración de inv. mobiliarios | | | | |
| **A70 RECADACIÓN POR SERVIZOS DE TRANSPORTE** | | | | | | | | |
| **A700** | Ingresos brutos por títulos de transporte propios | Ingresos procedentes da venda de títulos de transporte da propia empresa realizada a través de calquera dos seus sistemas de comercialización tanto propios como de terceiros, para a súa | 705 | Prestacións de servizos | Liña | Liña/ servizo | Viaxeiros ou Viaxeiros.km | 61. Os ingresos procedentes da venda de títulos de transporte propios imputaranse ás liñas de transporte regular de uso xeral en que vaian ser utilizados. Cando se trate de títulos de transporte combinados que permitan a utilización sucesiva en dúas liñas regulares da empresa, o ingreso repartirase proporcionalmente á tarifa unitaria de cada unha delas. Tratándose de títulos que permitan a súa utilización indistinta en diversas liñas da empresa, os ingresos repartiranse entre todas elas |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | utilización en liñas de transporte regular de uso xeral. | | | | | | proporcionalmente ás estatísticas de viaxeiros de cada unha das liñas. |
| **A701** | Ingresos procedentes de sistemas concertados | Ingresos correspondentes aos servizos prestados nas liñas de transporte regular de uso xeral aos propietarios de títulos de transporte doutras empresas ou organizacións coas cales a empresa mantén acordos concertados, tales como os consorcios rexionais e metropolitanos de transporte, billetes combinados con outros medios, programas concertados con axencias de viaxes ou administracións públicas, etc. | 705 | Prestacións de servizos | Liña | Liña/ servizo | Viaxeiros ou viaxeiros.km | 62. Os ingresos con orixe en sistemas concertados con outros operadores ou con organizacións de ámbito rexional, metropolitano ou doutra índole, asignaranse ás distintas liñas da empresa en función das condicións previstas en cada caso, que xeralmente estarán referidas ás estatísticas de viaxeiros transportados, e realizaranse os axustes que correspondan por razón das liquidacións periódicas que se practiquen no contexto de cada acordo. |
| **A702** | Ingresos por servizos de uso especial | Ingresos con orixe nos contratos de servizos de transporte regular de uso especial subscritos con outras empresas e administracións públicas para o transporte de determinados colectivos (escolares, traballadores, etc.) | 705 | Prestacións de servizos | Servizo | Liña/ servizo | N/A | 63. Os ingresos por servizos de transporte regular de uso especial e discrecional, así como os reforzos realizados para liñas regulares de uso xeral doutras empresas, asignaranse a cada un dos servizos de transporte que corresponda, en función dos acordos e condicións subscritos coa parte contratante dos servizos. |

| Contas analíticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A703** | Ingresos por servizos discrecionais | Ingresos por servizos de transporte discrecional correspondente a expedicións realizadas sen suxeición a itinerarios, horarios nin calendarios predeterminados. | 705 | Prestacións de servizos | Servizo | Liña/ servizo | N/A | |
| **A704** | Ingresos por servizos de reforzos para outras empresas | Servizos de transporte en autocar con condutor prestados a outras empresas co fin de cubrir períodos de incremento da demanda ou situacións que non poidan ser atendidas cos seus medios propios. | 705 | Prestacións de servizos | Servizo | Liña/ servizo | N/A | |
| **A705** | Descontos sobre vendas | Importes que se deberán deducir dos ingresos de transporte en concepto de descontos por pronto pagamento ou *rappels* por volumes de venda. Neste sentido non se comprenden os descontos habituais en servizos de transporte como os conceptos de ida e volta, familia numerosa, bonos ou billetes multiviaxe, estudantes, terceira idade, etc., que figurarán como menor importe do billete ou título de transporte que proceda. | 706 | Descontos sobre vendas por pronto pagamento | Liña/ servizo | Liña/ servizo | Viaxeiros ou viaxeiros. Km. | 64. Nos servizos regulares de uso xeral terán a consideración de descontos os que se pactasen de forma específica con outras empresas, tales como axencias de viaxes ou outros contratantes ou intermediarios, sempre que non se trate de comisións (neste caso clasificaranse na conta analítica A621) e asignaranse directamente a liñas as que afecten os acordos. Non terán consideración de descontos os habituais á disposición dos usuarios como ida-volta, familia numerosa, estudantes, terceira idade, etc. No resto de servizos de transporte, os descontos asignaranse a cada servizo en función das condicións pactadas coa parte contratante dos servizos. |
| | | | 709 | *Rappels* sobre vendas | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A71 OUTROS INGRESOS DIRECTOS RELACIONADOS CO TRANSPORTE** | | | | | | | | |
| **A7100** | Seguros complementarios | Ingresos correspondentes aos seguros complementarios de calquera tipo (viaxeiros, equipaxes, cancelacións, etc.) non incluídos nas tarifas ordinarias do servizo. | 705 | Prestacións de servizos | Liña | Liña/ servizo | N/A | 65. Todos os servizos de carácter complementario que se carguen aos clientes de liñas regulares de uso xeral en exceso das tarifas ordinarias, figuren ou non dentro do prezo do billete e calquera que sexa a súa natureza, serán imputables de forma directa á liña que corresponda. Neste sentido, ningún dos conceptos comprendidos nas contas analíticas A7100, A7101, A7102 e A711 se poderá asignar a outras actividades ou liñas de negocio da empresa diferentes ao transporte de viaxeiros por estrada, tendo en conta que se trata de servizos ou vendas que non son susceptibles de prestarse ou realizarse de forma separada ao servizo do transporte. |
| **A7101** | Comisións por venda en liña e por reservas | Comisións cargadas aos clientes/usuarios pola emisión de títulos de transporte a través da internet ou por vía telefónica, en concepto de reserva de praza, por apertura do billete de regreso ou calquera outro concepto de natureza similar que non se encontre comprendido dentro da tarifa ordinaria do servizo. | 705 | Prestacións de servizos | Liña | | | |
| **A7102** | Transporte de equipaxes e paquetaría | Ingresos procedentes do transporte de equipaxes, cando por razón do seu peso non se encontren comprendidos dentro das franquías oficiais ou estas se excedan, e aqueles con orixe no transporte de paquetaría nas bodegas dos autobuses. | 705 | Prestacións de servizos | Liña/ servizo | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A7109** | Outros servizos complementarios | Calquera outro tipo de servizo cuxo importe non se encontre incluído dentro das tarifas ordinarias do transporte. | 705 | Prestacións de servizos | Liña/ servizo | | | |
| **A711** | Vendas e servizos a bordo | Ingresos procedentes das vendas realizadas a bordo de calquera tipo de produto (regalos, bebidas, refrixerios, auriculares, etc.) así como de servizos prestados a bordo de natureza complementaria (telefonía, acceso á internet, etc.). | 700 | Vendas de mercadorías | Liña/ servizo | | | |
| | | | 705 | Prestacións de servizos | | | | |
| **A712** | Subvencións de explotación | Importes recibidos das administracións públicas (concellos, comunidades autónomas, etc.), empresas ou particulares para compensar parte dos gastos de explotación dunha liña ou servizo. Clasificaranse, entre outras, as subvencións por liñas de débil tráfico, os contratos programa ou as axudas outorgadas por entidades locais. | 740 | Subvencións, doazóns e leg. á explotación | Liña/ servizo | | Déficit<br>Quilómetros<br>Viaxeiros ou viaxeiros.km<br>Expedicións | 66. As subvencións á explotación imputaranse ás liñas ou servizos para os cales se outorgasen. Cando as axudas afecten de forma conxunta varias liñas ou servizos, repartiranse de acordo co procedemento que resulte máis apropiado en función das condicións fixadas no acordo, resolución ou documento de outorgamento, entre outras:<br>- De forma proporcional ao déficit de explotación resultante en cada liña.<br>- En función do número de quilómetros realizados.<br>- Con base no número de viaxeiros ou viaxeiros.km.<br>- En función do número de expedicións. |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A713** | Subvencións de capital transferidas a resultados | Importes traspasados ao resultado do exercicio por axudas recibidas das administracións públicas, empresas ou particulares para investimentos en capital correspondentes a activos vinculados á actividade. | 746 | Subvencións, doazóns e leg. de capital transferidos ao resultado do exercicio | Liña/ servizo | | N/A | 67. As subvencións de capital transferidas ao resultado do exercicio entenderanse asociadas aos activos fixos en virtude dos cales foron concedidas as axudas. Por conseguinte, imputaranse ás liñas ou servizos a que tales activos se encontren adscritos, e procederase a axustar as cantidades que proceda en función dos quilómetros ou das horas de condución realizados para outras liñas ou servizos da empresa. Cando se trate de activos non afectos a unha liña ou servizo en particular, senón a centros de custo directo ou centros da estrutura xeral da empresa, a súa repartición realizarase seguindo os mesmos criterios que para a asignación das amortizacións correspondentes. |
| **A7140** | Comisións sobre emisión de billetes de terceiros | Importes devindicados pola venda de títulos doutras empresas de transporte. | 754 | Ingresos por comisións | Liña/ servizo | | Recadación | 68. As comisións devindicadas a favor da empresa pola venda de billetes ou títulos de liñas de transporte regular de uso xeral doutros operadores imputaranse ás liñas regulares da empresa de forma proporcional á recadación. |
| **A7141** | Comisións por acordos en puntos de escala | Comisións percibidas de establecementos hostaleiros e áreas de servizo polas paradas de autobuses en escalas técnicas. | 754 | Ingresos por comisións | Liña/ servizo | | N/A | 69. As comisións devindicadas a favor da empresa polos acordos de parada técnica en áreas de servizo e establecementos hostaleiros do itinerario imputaranse á liña ou servizo de transporte a que corresponda cada expedición. |
| **A719** | Outros ingresos de xestión da liña ou servizo | Outros ingresos de xestión que resulten imputables á liña ou servizo. A título de exemplo, incluiranse os resultados a favor da empresa en operacións en común como os acordos de "solapamento" ou similares e o arrendamento de autocares sen condutor. | 751 | Resultados de operacións en común | Liña/ servizo | | N/A | 70. Os ingresos procedentes de acordos de "solapamento" ou operacións similares con outros operadores de transporte asignaranse á liña regular en que se produzan os tráficos coincidentes. Pola súa parte, os ingresos por arrendamento de autocares imputaranse á liña ou servizo de transporte a que se encontren adscritos. Calquera outro ingreso de xestión asignarase á liña ou servizo na cal teña a súa orixe. |
| | | | 752 | Ingresos por arrendamentos | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A79 INGRESOS INDIRECTOS REPERCUTIBLES** | | | | | | | | |
| **A790** | Vendas de produtos e servizos | Vendas de todo tipo de produtos e servizos que non sexan asignables directamente a ningunha das actividades ou liñas de negocio da empresa ou que realicen de forma ocasional ou esporádica departamentos comúns a toda a empresa. | 700 | Vendas de mercadorías | Estrutura | Área de negocio ↓ Liña/ servizo | Cifra de negocio Recadación | 71. Como norma xeral, todos aqueles ingresos de explotación que non sexan asignables a unha actividade ou liña de negocio en particular repartiranse entre todas elas de forma proporcional á cifra de negocios de cada unha. O importe que resulte imputable á actividade de transporte de viaxeiros por estrada asignarase, nun segundo nivel, a cada unha das liñas ou servizos de transporte en función da recadación de cada unha delas. |
| | | | 705 | Prestacións de servizos | | | | |
| | | | 706 | Descontos sobre vendas por pronto pagamento | | | | |
| | | | 708 | Devolucións de vendas e oper. similares | | | | |
| | | | 709 | *Rappels* sobre vendas | | | | |
| **A793** | Traballos realizados para a empresa | Contrapartida dos gastos realizados pola empresa na creación ou construción de activos do seu inmobilizado utilizando os seus propios equipamentos e persoal. | 730 | Traballos realizados para o inm. intanxible | | | N/A | 72. Os traballos realizados para o inmobilizado da empresa asignaranse ás mesmas unidades analíticas ás cales se imputasen os gastos capitalizados. |
| | | | 731 | Traballos realizados para o inm. material | | | | |
| | | | 732 | Traballos realizados investimentos inmobiliarios | | | | |
| | | | 733 | Traballos realizados para o inm. mat. en curso | | | | |

| Contas analíticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| **A794** | Subvencións, doazóns e legados | Importes recibidos de terceiros en concepto de subvencións, doazóns ou legados que beneficien a empresa no seu conxunto, departamentos comúns ou que non sexan asignables a ningunha actividade ou liña de negocio en particular. | 740 | Subvencións, doazóns e leg. á explotación | | | Cifra de negocio Recadación | Véxase a regra 71 |
| | | | 746 | Subvencións, doazóns e leg. de capital transferidos ao resultado do exercicio | | | | |
| | | | 747 | Outras subv., doazóns e leg. transferidos ao res. | | | | |
| **A795** | Outros ingresos de xestión | Ingresos comprendidos no grupo 75 do PXC que teñan a súa orixe nas actividades dos departamentos de apoio comúns a toda a empresa ou que non se poidan asignar a ningunha actividade ou liña de negocio en particular. | 751 | Resultados de operacións en común | | | Cifra de negocio Recadación | Véxase a regra 71 |
| | | | 752 | Ingresos por arrendamentos | | | | |
| | | | 753 | Ingresos por cesión de propiedade industrial | | | | |
| | | | 754 | Ingresos por comisións | | | | |
| | | | 755 | Ingresos por servizos ao persoal | | | | |
| | | | 759 | Ingresos por servizos diversos | | | | |
| **A796** | Ingresos financeiros | Ingresos de natureza financeira de todo tipo comprendidos dentro do grupo 76 do PXC. | 760 | Ingresos de particip. instrum. de patrimonio | | | Cifra de negocio Recadación | Véxase a regra 71 |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | | 761 | Ingresos de valores representativos de débeda | | | | |
| | | | 762 | Ingresos de créditos | | | | |
| | | | 763 | Beneficios valoración instrumentos financ. | | | | |
| | | | 766 | Beneficios en participacións e valores | | | | |
| | | | 767 | Ingresos de activos afectos a retrib. a longo p. | | | | |
| | | | 768 | Diferenzas positivas de cambio | | | | |
| | | | 769 | Outros ingresos financeiros. | | | | |
| **A797** | Beneficios non correntes e ingresos excepcionais | Beneficios rexistrados no capítulo 77 do PXC, entre outros, os resultantes de operacións de alleamento de inmobilizado de calquera tipo, os procedentes de participacións en | 770 | Beneficios procedentes do inm. intanxible | | | N/A | 72. Os beneficios procedentes do alleamento do inmobilizado asignaranse ás mesmas actividades ou liñas de negocio a que se encontren afectos os activos ou, no caso de non estaren afectos a ningunha en particular, na mesma medida e proporción en que se imputasen as amortizacións correspondentes. Neste sentido, os beneficios por venda de frota serán imputados ás liñas ou servizos de transporte a que estivesen adscritos os autocares en cuestión. |
| | | | 771 | Beneficios procedentes do inm. material | | | | |
| | | | 772 | Beneficios procedentes de inv. inmobiliarios | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | empresas vinculadas e os de natureza excepcional. | 773 | Beneficios proc. de participac. en vinculadas | | | | |
| | | | 774 | Difer. negativa combinacións de negocios | | | | |
| | | | 775 | Beneficios por oper. con obrigacións propias | | | | |
| | | | 778 | Ingresos excepcionais | | | | |
| **A798** | Excesos e aplicacións de provisións e perdas por deterioración | Reversión das provisións contabilizadas para a corrección do valor dos activos por deterioración, así como os excesos de provisións contabilizadas por compromisos e/ou responsabilidades da empresa de acordo cos conceptos comprendidos no capítulo 79 do PXC. | 790 | Rev. deterioración do inmobilizado intanxible | | | N/A | 73. Todas as reversións e excesos de provisións se asignarán á mesma unidade analítica á cal no seu momento se imputasen as provisións. |
| | | | 791 | Rev. deterioración do inmobilizado material | | | | |
| | | | 792 | Rev. deterioración de investimentos inmobiliarios | | | | |
| | | | 793 | Rev. deterioración de existencias. | | | | |
| | | | 794 | Rev. deterioración de créditos por operacións comerciais. | | | | |
| | | | 795 | Exceso de provisións | | | | |
| | | | 796 | Rev. deterioración de partic. e valores a longo prazo | | | | |

| Contas analiticas | | Concepto | Correspondencia coa contabilidade xeral da compañía | | CRITERIOS DE IMPUTACIÓN ÁS UNIDADES ANALÍTICAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unidade de produción | Fluxo de imputación | Indicadores ou *drivers* | Regras xerais de imputación |
| | | | 797 | Rev. deterioración de créditos a longo prazo | | | | |
| | | | 798 | Rev. deterioración de partic. e valores a curto prazo | | | | |
| | | | 799 | Rev. deterioración de créditos a curto prazo | | | | |

(1) Véxase o modelo no anexo I para a asignación de quilómetros por liñas e servizos e para a estimación dos consumos de combustible.
(2) Refírese aos casos en que, por causa de avarías, accidentes ou calquera feito excepcional acaecido na ruta, sexa preciso substituír o autocar.
(3) Seguirase o mesmo criterio que se utilizou para realizar os axustes no caso da amortización (en función dos quilómetros percorridos).
(4) Véxase o modelo no anexo II para a asignación de horas de condución por autocar e por condutor a cada unha das liñas ou servizos.
(5) As horas durante as cales o persoal condutor permanecese en situación de dispoñibilidade non se consideran actividade distinta á condución, ben que, ao se tomaren como referencia as horas de condución efectiva, o impacto económico das horas de dispoñibilidade quedará repartido entre as horas de condución efectiva imputable a cada liña. Non obstante, a empresa poderá decidir asignar individualmente a cada liña ou servizo en particular o impacto económico das horas de dispoñibilidade que correspondan se os seus sistemas internos de xestión así o permiten.

(6) Entenderase que estes gastos exceden os estándares habituais do servizo cando para dar a atención fose necesario reunir recursos adicionais aos propios da empresa. A título de exemplo, a contratación *ex profeso* de persoal de axencias de traballo temporal, servizos de restauración, hospedaxe, transportes, etc.
(7) Entenderase por valor actualizado do autocar o prezo normal de mercado que tería un vehículo novo da mesma clase e características.